

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 11 de SETEMBRO de 2015**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria que terá lugar o venres, 11 de setembro de 2015, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

[1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 9/2015, do 4 de agosto.](#)

[2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia da nº 13.301 á nº 19.100, de 2015.](#)

[3.-Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia nº 16983, de 05.08.2015, pola que se nomean presidentes das Comisións Informativas Permanentes.](#)

[4.- Toma de coñecemento das resolucións da Presidencia seguintes:](#)

-Número 16979, do 5 de agosto sobre atribucións do réxime retributivo de dedicación exclusiva aos deputados e deputadas provinciais en execución do aprobado no Pleno do 4 de agosto.

-Números 16978, 17771, 17869, 18615 e 18618 de 5, 12, 17 e 26 de agosto sobre o nomeamento de persoal eventual para realizar funcións sinaladas legalmente como de confianza e asesoramento.

-Número 18641, do 26 de agosto sobre o cesamento dos titulares de postos provistos polo procedemento de libre designación e en comisión de servizos.

[5.-Proposición da Presidencia sobre o cambio de data do Pleno ordinario correspondente ao noveno mes de 2015.](#)

[6.-Proposición da Presidencia sobre representación da Deputación en determinados organismos.](#)

Comisión de Deporte e Mocidade

[7.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Círculo Mercantil e Industrial Club de Campo de Ferrol para financiar a realización das obras de acondicionamento das pistas de tenis do club.](#)

Comisión de Cultura, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico

[8.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ferrol para financiar o Ciclo “A Música da Ilustración 2015”.](#)

[9.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ferrol para financiar o XXIX Concurso Internacional de piano “Cidade de Ferrol” 2015.](#)

[10.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ortigueira para financiar o Festival Celta 2015.](#)

11.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Auditorio de Galicia para financiar a Programación anual 2015.

12.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide para financiar o Programa de actividades culturais do ano 2015.

13.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Federación Galega de Bandas de Música Populares para financiar o VII Campus musical no ano 2015.

14.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Luis Seoane para financiar as actividades de 2015.

15.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña para financiar a Exposición conmemorativa do 25 Aniversario da creación da UDC.

16.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña para financiar a actividade: Tendencias actuais en Filosofía e Metodoloxía actual da Ciencia, na que se integran as “XX Xornadas sobre Filosofía e Metodoloxía actual da Ciencia e o Congreso da Academia Internacional de Filosofía das Ciencias”.

Comisión de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade de Xénero

17.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO para financiar o programa de intervención no ocio nocturno Educando no lecer 2015.

Comisión de Promoción Económica e Emprego

18.-Modificación do “Proxecto de reforma da praza de abastos 2012” do Concello de Padrón, incluído na sexta fase do programa de modernización dos mercados locais.

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

19.-Ratificación da Resolución da Presidencia pola que se aproba a composición da Mesa de Contratación Permanente da Deputación Provincial da Coruña.

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Asistencia a Municipios e Normalización Lingüística

20.-Aprobación do proxecto modificado da obra “Seguridade viaria na AC-542 da Picota a Nogueiras (Fase I)” do Concello de Abegondo, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2014 co código 14.2100.0001.0, e aprobación definitiva da obra.

21.-Aprobación da modificación do proxecto da obra “Acceso a Revixós e outros”, do Concello de Dodro, cofinanciado pola Deputación a través do convenio de colaboración 52/2015.

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

22.-Informe sobre o estado de execución presupostaria a 30/06/2015 e proxección a 31/12/2015.

23.-Informe sobre o estado de execución presupostaria a 31/07/2015 e proxección a 31/12/2015.

24.-Información sobre o período medio de pago a provedores ao que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de xuño.

25.-Información sobre o período medio de pago a provedores ao que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de xullo.

26.-Informe sobre o estado de tramitación das facturas correspondentes ao segundo trimestre de 2015 na Deputación provincial e no Consorcio provincial contra incendios e salvamento da Coruña, en aplicación do establecido na Lei 15/2010, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

27.-Dar conta da información rendida ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en cumprimento da Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información establecidas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

28.-Aceptación da delegación do Concello de Mugar dos, nas seguintes competencias:

- a. Instrución dos procedementos sancionadores por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.
- b. Recadación tanto en período voluntario como executivo, dos expedientes sancionadores por denuncias cursadas polo concello por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.
- c. Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa por utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral.

29.-Aprobación definitiva da conta xeral do orzamento de 2014.

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓNS

-Moción do Grupo Alternativa dos veciños sobre a vespa asiática.

-Moción dos grupos da Marea Altántica e Compostela Aberta para solicitar ás distintas administracións públicas o seu compromiso ante a crise humanitaria que están padecendo actualmente en Europa as/os refuxiadas/os.

-Moción dos Grupos do BNG e o PSOE sobre os gandeiros

-Moción dos Grupos do BNG e o PSOE sobre as touradas

ROGOS E PREGUNTAS

D. MANUEL MUIÑO ESPASANDIN	BNG
D. CARLOS NEGREIRA SOUTO	PP
D. JOSÉ LUIS OUJO POUZO	PP
D ^a MARIEL PADÍN FERNÁNDEZ	PP
D. EDUARDO JOSÉ PARGA VEIGA	PP
D. JUAN VICENTE PENABAD MURAS	PSOE
D. JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO	PSOE
D. XOSÉ REGUEIRA VARELA	BNG
D. JULIO SACRISTÁN DE DIEGO	PSOE
D ^a . M ^a GORETTI SANMARTIN REI	BNG
D. XESÚS MANUEL SOTO VIVERO	BNG

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e dez minutos, o Sr. secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

Sr. Presidente

Imos gardar un minuto de silencio, por proposta de acordo de todos os portavoces dos Grupos políticos, en memoria das vítimas producidas na pasada fin de semana no Rallie da Coruña.

(Gárdase un minuto de silencio)

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 9/2015, DO 4 DE AGOSTO.

INTERVENCÍONS

Sr. Dios Diz

Xa sei que transcribir unha acta é moi complexo, e os que temos unha voz así, especial, aínda máis complexo, e entón ao ler a transcripción da miña intervención hai algúns erros, e só me vou fixar en dous que cambian completamente o sentido da frase. Na páxina 16, na terceira liña, cando fala do acordo programático asinado entre o PSdeG-PSOE e o BNG, dise que “non que tivemos ocasión de participar”, e o que se dixo foi que nós non tivemos ocasión de participar nesa redacción, é distinto a como figura na transcripción. E a outra cuestión é na páxina 17, no último parágrafo, na quinta liña, cando di, “tampouco parece esta a maior maneira”, e debe dicir “tampouco parece esta a mellor maneira de iniciar un goberno cooperativo”, son as dúas

cuestións de matiz, nada máis, pero desculpo aos transcritores porque sei o que é transcribir.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase a acta da sesión anterior, nº 9/2015, do 4 de agosto.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓN DITADAS POLA PRESIDENCIA DA Nº 13.301 Á Nº 19.100, DE 2015.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 13301 á nº 19100, de 2015.

3.-TOMA DE COÑECEMENTO DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA Nº 16983, DE 05.08.2015, POLA QUE SE NOMEAN PRESIDENTES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.

A Corporación toma coñecemento da Resolución da Presidencia nº 16983, de 05.08.2015, pola que se nomean presidentes das Comisións Informativas Permanentes.

4.- TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA SEGUINTE:

-Número 16979, do 5 de agosto sobre atribucións do réxime retributivo de dedicación exclusiva aos deputados e deputadas provinciais en execución do aprobado no Pleno do 4 de agosto.

-Números 16978, 17771, 17869, 18615 e 18618 de 5, 12, 17 e 26 de agosto sobre o nomeamento de persoal eventual para realizar funcións sinaladas legalmente como de confianza e asesoramento.

-Número 18641, do 26 de agosto sobre o cesamento dos titulares de postos provistos polo procedemento de libre designación e en comisión de servizos.

A Corporación toma coñecemento das seguintes Resolucións da Presidencia:

Número 16979, do 5 de agosto sobre atribucións do réxime retributivo de dedicación exclusiva aos deputados e deputadas provinciais en execución do aprobado no Pleno do 4 de agosto.

Números 16978, 17771, 17869, 18615 y 18618 de 5, 12, 17 y 26 de agosto sobre nomeamento de persoal eventual para realizar funcións sinaladas legalmente como de confianza e asesoramento.

Número 18641, do 26 de agosto sobre o cesamento dos titulares de postos provistos polo procedemento de libre designación e en comisión de servizos.

5.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE O CAMBIO DE DATA DO PLENO ORDINARIO CORRESPONDENTE AO NOVENO MES DE 2015.

Vótase a inclusión deste punto na orde do día, que é aprobada por unanimidade.

Sr. Secretario

A proposición enténdese que o cambio é para o día 8, e non para o día 9 como figuraba nesa mesma proposición, día 8 de outubro.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase a seguinte proposición:

“Visto que o artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), conforme á redacción introducida pola Lei 11/1999, do 21 de abril, ordena que o Pleno das Deputacións provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes e que, por outra banda, o artigo 35 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúelle ao Pleno a decisión sobre o réxime de sesións da Corporación provincial.

Tendo en conta que a sesión plenaria correspondente ao oitavo mes de 2015 celebrarase o día 11 de setembro e que a seguinte sesión ordinaria correspondería celebrala o día 25 de setembro, cun tempo excesivamente curto entre unha e outra sesión que non permitiría a axeitada preparación de novos asuntos,

Polo tanto, e como excepción singular do réxime ordinario establecido en sesión do 4 de agosto de 2015, PROPÓN AO PLENO, previa ratificación da inclusión na orde do día consonte cos artigos 71.2 e 65.3 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte acordo:

A sesión ordinaria do Pleno da Deputación provincial correspondente ao noveno mes de 2015 celebrarase o día 8 de outubro, xoves, a partir das doce horas”.

6.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE REPRESENTACIÓN DA DEPUTACIÓN EN DETERMINADOS ORGANISMOS.

Vótase a inclusión deste punto na orde do día, que é aprobada por unanimidade.

A continuación vótase a proposición da Presidencia.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados (13 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG, 3 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún deputado
Abstéñense: 1 deputado (Compostela Aberta)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG, Marea Atlántica e Alternativa dos Veciños, e a abstención de Compostela Aberta, acorda:

“Visto que o artigo 35 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúelle ao Pleno a competencia para o nomeamento de representantes da Corporación en toda clase de órganos colexiados nos que deba estar representada, sen prexuízo da atribución xeral de representar á Deputación, conferida ao presidente pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL, art. 34.1.b) e das delegacións específicas da Presidencia que circunstancialmente puideran facerse, como as contidas na Resolución núm. 15.598, do 3 de outubro de 2012.

Resultando que convén modificar ou completar algún dos nomeamentos efectuados na sesión plenaria do 4 de agosto de 2015 para axustar a axenda de traballo dos deputados provinciais e permitir así un axeitado exercicio da representación que polo Pleno se lles outorga,

En consecuencia,

PROPÓN AO PLENO, previa ratificación da inclusión na orde do día consonte cos artigos 71.2 e 65.3 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte acordo:

Nomear representantes da Corporación aos deputados que se indica no organismo que a seguir se relaciona:

FUNDACIÓN EXPONAV

Don Valentín González Formoso, presidente

Suplente: Don Bernardo Fernández Piñeiro

Quedan sen efecto os nomeamentos anteriores que contradigan o presente acordo. Os deputados designados informarán sobre o funcionamento do organismo no que participan en representación da deputación, así como sobre a súa propia actividade no seu seo, sempre que sexan requiridos polo Pleno, polo presidente ou pola Xunta de Goberno e periodicamente nos termos que estableza o regulamento orgánico”.

7.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CÍRCULO MERCANTIL E INDUSTRIAL CLUB DE CAMPO DE FERROL PARA FINANCIAR A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DAS PISTAS DE TENIS DO CLUB.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (13 do PP, 8 do PSOE e 5 do BNG)

Votan en contra: 1 deputado (Alternativa dos Veciños)

Abstéñense: 4 deputados (3 de Marea Atlántica e 1 de Compostela Aberta).

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE e BNG, a abstención de Marea Atlántica e Compostela Aberta e o voto en contra de Alternativa dos Veciños, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 14 de abril de 2015.

2.- Aprobar o convenio co Círculo Mercantil e Industrial Club de Campo de Ferrol correspondente á subvención nominativa, por importe de 27.432,77 €, concedida para financiar a realización das obras de acondicionamento das pistas de tenis do club, cun orzamento subvencionado de 34.290,96 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2015, autorice o correspondente Orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Círculo Mercantil e Industrial Club de Campo de Ferrol correspondente á subvención nominativa concedida para financiar a *realización das obras de acondicionamento das pistas de tenis do club.*

A Coruña,

REUNIDOS

D. Valentín González Formoso, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

D. Álvaro Sánchez Gilsanz, presidente do **Círculo Mercantil e Industrial Club de Campo de Ferrol**

MANIFESTAN

Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promociónen a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento do deporte

Que o **Círculo Mercantil e Industrial Club de Campo de Ferrol** é unha entidade dedicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte na provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e o **Círculo Mercantil e Industrial Club de Campo de Ferrol**, coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o **Círculo Mercantil e Industrial Club de Campo de Ferrol, NIF G15027410, para financiar a realización das obras de acondicionamento das pistas de tenis do club.**

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

O **Círculo Mercantil e Industrial Club de Campo de Ferrol** desenvolveu as obras citadas con motivo da celebración do Campionato de España Alevín de Tenis celebrado do 29 de xuño ao 6 de xullo do 2014, segundo se definen no contrato firmado co SPORT EQUIPALIA S.L., consonte ao seguinte orzamento:

Refacer solo poroso dunha pista e pintar 5 pistas:	28.339,64.-
IVE 21%	5.951,32.-

Total orzamento de contrata	34.290,96 €
------------------------------------	--------------------

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da obra, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **27.432,77 €**, o que representa unha porcentaxe do 80,00 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da obra, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que consignou crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- A Deputación financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3411/781, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito, na presente anualidade.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o **Círculo Mercantil e Industrial Club de Campo de Ferrol** obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrico cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.

1.- Na súa condición de promotor, corresponde ao **Círculo Mercantil e Industrial Club de Campo de Ferrol** o outorgamento do contrato de execución da obras descritas na cláusula segunda.

2.- Con carácter previo á contratación, o **Círculo Mercantil e Industrial Club de Campo de Ferrol** solicitou tres orzamentos a distintos construtores e entre as ofertas recibidas, elixiu a máis económica.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o **Círculo Mercantil e Industrial Club de Campo de Ferrol** está obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Círculo Mercantil e Industrial Club de Campo de Ferrol.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada ao **Círculo Mercantil e Industrial Club de Campo de Ferrol** a medida que se expidan as correspondentes certificacións de obra, aplicándose sobre o seu importe a porcentaxe de financiamento.

Para tal efecto, o **Círculo Mercantil e Industrial Club de Campo de Ferrol** deberá achegar a seguinte documentación:

- * Copia do contrato formalizado.
- * Certificación de obra subscrita polo técnico-director e polo contratista e relación valorada.
- * Factura expedida polo contratista; no caso de que se presente unha copia compulsada, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- * Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- * Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
- * Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- * Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- * De igual xeito, coa derradeira certificación de obra, achegarase acta de recepción e acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante fotografías dilixenciadas no reverso, e da inscrición de nota marxinal no Rexistro da propiedade na que se deixe constancia do financiamento provincial e da afectación do inmovible á finalidade para a que foi concedida a subvención polo menos por un prazo de DEZ anos.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula segunda, deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2014**, como máximo.

2.- Unha vez rematadas as obras, o **Círculo Mercantil e Industrial Club de Campo de Ferrol** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de outubro de 2015**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao **Círculo Mercantil e Industrial Club de Campo de Ferrol** para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao **Círculo Mercantil e Industrial Club de Campo de Ferrol** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56^a6^o das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **Círculo Mercantil e Industrial Club de Campo de Ferrol** na documentación achegada.

Se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, ao **Círculo Mercantil e Industrial Club de Campo de Ferrol** terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O **Círculo Mercantil e Industrial Club de Campo de Ferrol** deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.-O **Círculo Mercantil e Industrial Club de Campo de Ferrol** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o **Círculo Mercantil e Industrial Club de Campo de Ferrol** deberá

contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o **Círculo Mercantil e Industrial Club de Campo de Ferrol** poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.-Igualmente, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o **Círculo Mercantil e Industrial Club de Campo de Ferrol** queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do **Círculo Mercantil e Industrial Club de Campo de Ferrol** serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.-Iguamente, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Círculo Mercantil e Industrial Club de Campo de Ferrol** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de outubro de 2015**, e terá efectos retroactivos, polo que as obras contempladas nel poderanse realizar dende o 1 de xaneiro de 2014.

Esta vixencia queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.

2.- Previa solicitude do **Círculo Mercantil e Industrial Club de Campo de Ferrol**, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na

Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

8.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE FERROL PARA FINANCIAR O CICLO “A MÚSICA DA ILUSTRACIÓN 2015”.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados (13 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG, 3 de Marea Atlántica e 1 de Compostela Aberta)

Votan en contra: 1 deputado (Alternativa dos Veciños)

Abstéñense: ningún deputado

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG, Marea Atlántica e Compostela Aberta e o voto en contra de Alternativa dos Veciños, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 17 de xuño de 2015.

2.- Aprobar o convenio co Concello de Ferrol correspondente á subvención nominativa, por importe de **28.000 €**, concedida para financiar o *Ciclo “A Música da Ilustración 2015”*, cun orzamento subvencionado de 42.500 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2016, autorice o correspondente Orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ferrol para financiar o Ciclo “A Música da Ilustración 2015”.

A Coruña,

REUNIDOS

D. Valentín González Formoso, presidente da Deputación da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local

D. Jorge Juan Suárez Fernández, alcalde-presidente do Concello de Ferrol, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade na que interveñen, coa capacidade legal necesaria e

EXPOÑEN

1.- A Deputación Provincial e o Concello de Ferrol exercen competencias en materia de promoción de actividades culturais e teñen a posibilidade legal de subscribir convenios coas distintas administracións públicas para o cumprimento dos fins dispostos na normativa vixente.

2.- O Concello de Ferrol, a través da Concellaría de Cultura organiza o Ciclo de concertos “A Música da Ilustración” coa idea de difundir a música dunha época moi importante para a cidade. Neste ciclo escoitaranse obras dos compositores máis relevantes do século XVIII.

3.- En virtude do disposto no art. 118. d) da Lei 5/97 que lle outorga competencias para a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento da cultura na provincia, e como complemento á programación de actuacións musicais que desenvolve con carácter anual, a Deputación provincial está interesada en colaborar coas actividades sinaladas.

4.- En función das consideracións anteriores, o Concello de Ferrol e a Deputación da Coruña acordan subscribir o presente convenio, segundo as seguintes:

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ferrol (CIF: P1503700E) para financiar o **Ciclo “A Música da Ilustración 2015”.**

Este Ciclo ten lugar no Auditorio de Ferrol, coas seguintes actuacións:

* 8 de abril: *Leo Nucci en concerto. Arias de óperas de Giuseppe Verdi.*

* 2 de maio: *Celso Albelo*.

2.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar o Concello de Ferrol.

O Concello de Ferrol desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

Caché Leo Nucci	20.000.-
Caché Celso Albelo	8.000.-
Coordinación do programa	4.500.-
Gastos de produción	6.000.-
Gastos de representación	2.000.-
Cartelería	2.000.-
Total	42.500 € (IVE incluído)

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **28.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **65,882 %**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando o concello beneficiario que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente ao concello.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 65,882 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3343/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Ferrol obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1.- Corresponderalle ao Concello de Ferrol o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización dos traballos obxecto deste convenio.

2.- No procedemento de contratación, o Concello de Ferrol axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.-O Concello de Ferrol comprométese a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a publicidade (tanto impresa como informática e audiovisual) correspondente ás actividades do *Ciclo "A Música da Ilustración"* e na súa páxina web.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Ferrol.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

1.- A achega da Deputación seralle aboada ao Concello de Ferrol do seguinte xeito:
Primeiro prazo, por importe máximo do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable que se ha xustificar. O importe deste prazo calcularase aplicando a porcentaxe de financiamento (65,882 %) ao total do importe das contratacións certificadas e aboarase logo da presentación da seguinte documentación:

* **Certificación** dos acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: identificación dos adxudicatarios, importes dos contratos e prazos de execución.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

Segundo prazo, por importe do 50 % da subvención ou, en seu caso, a cantidade pendente de pago segundo o importe dos gastos xustificadas, logo da presentación da seguinte documentación:

* **Memoria** xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, debidamente asinada.

* **Certificación** expedida polo interventor ou polo secretario do Concello, da relación clasificada dos gastos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa e NIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión) e, no seu caso, datas de pago.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2015.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

* **Acreditación** do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable

2.- No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

3.- Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Ferrol terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2015, como máximo.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Ferrol deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2016**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitíralle

un requirimento ao Concello de Ferrol para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Ferrol da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56^a6^o das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación.

1.- O Concello de Ferrol deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.- A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Concello de Ferrol destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Ferrol poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- De igual xeito, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Ferrol queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20% da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Ferrol serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2.- De igual xeito, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Ferrol será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2016** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2015.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2016, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do Concello de Ferrol, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e do Concello de Ferrol.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por -----

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento. “

9.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE FERROL PARA FINANCIAR O XXIX CONCURSO INTERNACIONAL DE PIANO “CIDADE DE FERROL” 2015.

INTERVENCÍONS

Sr. García Seoane

Aclarar un pouco o voto en contra, eu son músico, defendo a música, pero non defendo os gastos que desde o meu punto de vista son excesivos. Non se pode entender que se dean 18.000 euros para reparar un piano, un bedel, un afinador de piano e algo máis, iso é unha loucura, por tanto imos votar que non.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados (13 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG, 3 de Marea Atlántica e 1 de Compostela Aberta)

Votan en contra: 1 deputado (Alternativa dos Veciños)

Abstéñense: ningún deputado

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG, Marea Atlántica e Compostela Aberta e o voto en contra de Alternativa dos Veciños, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 17 de xuño de 2015.

2.- Aprobar o convenio co Concello de Ferrol correspondente á subvención nominativa, por importe de **17.000 €**, concedida para financiar o *XXIX Concurso Internacional de piano “Cidade de Ferrol” 2015*, cun orzamento subvencionado de 75.400 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2016, autorice o correspondente Orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ferrol para financiar o XXIX Concurso Internacional de piano “Cidade de Ferrol” 2015

A Coruña,

REUNIDOS

D. Valentín González Formoso, presidente da Deputación da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local

D. Jorge Juan Suárez Fernández, alcalde-presidente do Concello de Ferrol, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade na intervén, coa capacidade legal necesaria e

EXPOÑEN

1.- A Deputación Provincial e o Concello de Ferrol exercen competencias en materia de promoción de actividades culturais e teñen a posibilidade legal de subscribir convenios coas distintas administracións públicas para o cumprimento dos fins dispostos na normativa vixente.

2.- O Concello de Ferrol ven organizando dende hai anos o Concurso Internacional de piano que, neste ano, celebra a súa edición número vinte e nove; esta actividade é de grande interese xa que se trata dun dos concursos máis antigos do estado e o máis antigo de Galicia, cunha grande proxección internacional, tanto polo número de participantes, como pola súa calidade artística.

Este Concurso ten como obxectivos xerais: crear un novo espazo cultural e de formación para os novos talentos musicais, divulgar as obras pianísticas de todas as épocas e a arte interpretativa do piano, fomentar a riqueza cultural na cidade de Ferrol a través de novas experiencias artísticas e contribuír á formación de pianistas de alto nivel.

3.- En virtude do disposto no art. 118. d) da Lei 5/97 que lle outorga competencias para a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento da cultura na provincia, e como complemento á programación de actuacións musicais que desenvolve con carácter anual, a Deputación provincial está interesada en colaborar coas actividades sinaladas.

4.- En función das consideracións anteriores, o Concello de Ferrol e a Deputación da Coruña acordan subscribir o presente convenio, segundo as seguintes:

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ferrol (CIF: P1503700E) para financiar o **XXIX Concurso Internacional de piano "Cidade de Ferrol" 2015** que terá lugar entre os días 20 e 27 de novembro de 2015, cos seguintes obxectivos específicos:

- Propiciar o achegamento e intercambio de experiencias entre mozos pianistas de todo o mundo.
- Permitir aos mozos pianistas da a coñecer o seu talento ante personalidades de recoñecido prestixio no ámbito musical e o público en xeral.
- Contribuír á formación dos finalistas por medio da achega económica do premio.
- Ofrecer un evento de gran calidade artística ao público asistente a todas as probas do concurso.
- Difundir nos medios de comunicación xerais e especializados a convocatoria e resultados finais do concurso.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar o Concello de Ferrol.

O Concello de Ferrol desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

Premios	24.500.-
Honorarios xurado	15.000.-
Manutención, aloxamento e traslado xurado	8.000.-
Material difusión, diplomas, publicidade	4.000.-
Publicación bases no DOG	100.-
Arranxos florais	1.000.-
Produción: intérprete, conserxe, azafatas, afinador, iluminación, son, carga, descarga, mantemento espazos	18.000.-
Gravación, edición, e emisión	1.800.-
Coordinación	3.000.-
Total	75.400 €

Exclúense do orzamento subvencionable pola Deputación os correspondentes a *catering e agasallos*, que si se poderán incluír na xustificación, no caso de concorrencia de subvencións.

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **17.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **22,546 %**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando o concello beneficiario que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente ao concello.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 22,546 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3343/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Ferrol obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1.- Corresponderalle ao Concello de Ferrol o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización dos traballos obxecto deste convenio.

2.- No procedemento de contratación, o Concello de Ferrol axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.-O Concello de Ferrol comprométese a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a publicidade (tanto impresa como informática e audiovisual) correspondente ás actividades do *XXIX Concurso Internacional de piano "Cidade de Ferrol" 2015* e na súa páxina web.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Ferrol.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

1.- A achega da Deputación seralle aboada ao Concello de Ferrol do seguinte xeito:

Primeiro prazo, por importe máximo do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable que se ha xustificar. O importe deste prazo calcularase aplicando a porcentaxe de financiamento (22,546 %) ao total do importe das contratacións certificadas e aboarase logo da presentación da seguinte documentación:

* **Certificación** dos acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: identificación dos adxudicatarios, importes dos contratos e prazos de execución.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

Segundo prazo, por importe do 50 % da subvención ou, en seu caso, a cantidade pendente de pago segundo o importe dos gastos xustificados, logo da presentación da seguinte documentación:

* **Memoria** xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, debidamente asinada.

* **Certificación** expedida polo interventor ou polo secretario do Concello, da relación clasificada dos gastos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa e NIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión) e, no seu caso, datas de pago.

* Para os gastos de manutención, aloxamento e traslado dos membros do xurado, copia das correspondentes facturas, nas que deberá identificarse as persoas ás que se refiren.

* **Certificación** do acordo de nomeamento dos membros do xurado.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2015.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

* **Acreditación** do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable

2.- No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

3.- Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Ferrol terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2015, como máximo.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Ferrol deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2016**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Ferrol para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Ferrol da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª^{6º} das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación.

1.- O Concello de Ferrol deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.- A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarse esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Concello de Ferrol destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Ferrol poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- De igual xeito, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Ferrol queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 %

do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Ferrol serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2.- De igual xeito, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Ferrol será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2016** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2015.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2016, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do Concello de Ferrol, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e do Concello de Ferrol.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por -----

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento. “

10.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ORTIGUEIRA PARA FINANCIAR O FESTIVAL CELTA 2015.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 20 de xullo de 2015.

2.- Aprobar o convenio co Concello de Ortigueira correspondente á subvención nominativa, por importe de **80.000 €**, concedida para financiar o *Festival Internacional do Mundo Celta 2015*, cun orzamento subvencionado de 300.000 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2016, autorice o correspondente Orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ortigueira para a celebración do *Festival Internacional do Mundo Celta 2015*

A Coruña,

REÚNENSE

D. Valentín González Formoso, presidente da Deputación Provincial da Coruña, actuando en virtude da facultades representativas que lle atribúe o art. 34. 1b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

D. Juan Vicente Penabad Muras, Alcalde do Concello de Ortigueira, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade que interveñen con capacidade legal necesaria e

EXPOÑEN

1.- A Deputación Provincial e o Concello de Ortigueira exercen competencias en materia de actividades culturais e de promoción, existindo a posibilidade legal de subscribir convenios coas distintas administracións públicas para o cumprimento dos fins dispostos na normativa vixente.

2.- No Concello de Ortigueira vense celebrando dende 1978 o *Festival Internacional do Mundo Celta*, o cal acadou renome tanto a nivel nacional, como internacional, promocionando ao Concello de Ortigueira e, dunha forma indirecta no ámbito cultural, turístico e social á provincia e á Comunidade Autónoma que o declarou de interese turístico para Galicia.

3.- Actualmente o *Festival Internacional do Mundo Celta*, foi declarado de interese turístico nacional e, no ano 2005, foi declarado de interese turístico internacional polo Goberno de España. Por todo iso debe coidarse moito a calidade da programación artística, infraestruturas e servizos, de xeito que acade en cada edición, un nivel máis alto; isto supón uns gastos que non poden ser financiados exclusivamente a través dos orzamentos xerais do concello.

4.- Atendendo á finalidade da actuación que pretende o Concello de Ortigueira e tratándose dun evento cultural e turístico que, ademais, promociona en diversos ámbitos ao concello e, polo tanto, susceptible de recibir axudas da Deputación, a través do seu Orzamento de Gastos, é polo que ambas administracións acordan formalizar o presente convenio, de acordo coas seguintes

CLAUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ortigueira (CIF: P1506200C) que permita a

celebración do **Festival Internacional do Mundo Celta 2015** os días 16, 17, 18 e 19 de xullo de 2015.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar o Concello de Ortigueira.

O Concello de Ortigueira desenvolverá as actividades programadas consonte co seguinte orzamento:

1.- Actuacións musicais e contratacións artísticas

Cachés de grupos, viaxes bandas de música, desprazamentos, Hoteis, produción artística 100.000.-

2.- Escenarios e produción técnica

Aluguer de infraestruturas: escenarios, iluminación, son, electricidade, xeradores, produción e persoal de produción, de son, técnicos, backline, tarimas de escenario 71.000.-

3.- Aloxamentos 35.000.-

4.- Promoción

Merchandising, anuncios, traballos gráficos, exposicións fotográficas, electricidade, empresas 33.000.-

5.- Protección Civil e seguridade privada 26.000.-

6- Servizos xerais e infraestruturas

Módulos de aseos e duchas, diáfanos, tractor cisterna, material diverso para servizos, limpeza zona de concertos 35.000.-

Total gastos 300.000 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **80.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **26,667 %**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando o Concello beneficiario que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que a gasto xustificando non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 26,667 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3343/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Ortigueira obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1.- Corresponderalle ao Concello de Ortigueira o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización dos traballos obxecto deste convenio.

2.- No procedemento de contratación, o Concello de Ortigueira axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- O Concello de Ortigueira incluírá en toda a publicidade que realice con motivo do **Festival Internacional do Mundo Celta** e na súa páxina web á Deputación Provincial da Coruña como institución que subvenciona o evento. Ademais reservarase un espazo no recinto do Festival para que esta poida instalar un stand e así mesmo, un tempo destinado á emisión de vídeos publicitarios da Deputación entre as actuacións artísticas do escenario principal.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Ortigueira.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

1.- A achega da Deputación seralle aboada ao Concello de Ortigueira do seguinte xeito:

Primeiro prazo, por importe máximo do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable que se ha xustificar. O importe deste prazo calcularase aplicando a porcentaxe de financiamento (26,667 %) ao total do importe das contratacións certificadas e aboarase logo da presentación da seguinte documentación:

* **Certificación** dos acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións, ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: empresas adxudicatarias, importes dos contratos e prazos de execución.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

Segundo prazo, por importe do 50 % da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificados, logo da presentación da seguinte documentación:

* **Memoria** xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, debidamente asinada.

* **Certificación** expedida polo interventor ou polo secretario do Concello, da relación clasificada dos gastos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa e NIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión) e, no seu caso, datas de pago.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2015.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

* **Acreditación** do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable.

2.- No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

3.- Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Ortigueira terá dereito ao aboamento dos xuros de mora,

ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2015, como máximo.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Ortigueira deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2016**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Ortigueira para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Ortigueira da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª 6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación.

1.- O Concello de Ortigueira deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.- A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Concello de Ortigueira destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Ortigueira poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- De igual xeito, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Ortigueira queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 56ª 6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Ortigueira serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2.- De igual xeito, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Ortigueira será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2016** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2015.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2016, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do Concello de Ortigueira, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e do Concello de Ortigueira, respectivamente.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por -----

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

11.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O AUDITORIO DE GALICIA PARA FINANCIAR A PROGRAMACIÓN ANUAL 2015.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados (13 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG, 3 de Marea Atlántica e 1 de Compostela Aberta)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: un deputado (Alternativa dos Veciños)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG, Marea Atlántica e Compostela Aberta e a abstención de Alternativa dos Veciños, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 17 de xullo de 2015.

2.- Aprobar o convenio co Auditorio de Galicia correspondente á subvención nominativa, por importe de **240.000 €**, para financiar o *Programa anual de actividades*

2015, cun orzamento subvencionado de 300.000 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2016, autorice o correspondente Orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Auditorio de Galicia para financiar o *Programa anual de actividades 2015*.

A Coruña,

REUNIDOS

D. Valentín González Formoso, presidente da Deputación Provincial da Coruña,

D. Martiño Noriega Sánchez, presidente do Consello Reitor do Organismo Autónomo Auditorio de Galicia

Os comparecentes intervén no uso das facultades que, en razón dos seus cargos, lles están atribuídas e

EXPOÑEN

1.- O Concello de Santiago de Compostela, en sesión plenaria celebrada o vinte e sete de setembro de mil novecentos noventa, aprobou a constitución do Organismo Autónomo Auditorio de Galicia e, o vinte e nove de novembro, aprobou definitivamente os seus estatutos.

Con posterioridade, foi publicada no BOP 222, do 24 de setembro de 2004, a modificación dos Estatutos do Auditorio de Galicia, que se rexerá polo disposto no artigo 85 bis da LRBRL (Lei 7/1985), coas modificacións introducidas pola Lei 57/2003, de medidas para a modernización do goberno local.

O Pleno do Concello, na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 15 de abril de 2004, encomendou ao Auditorio de Galicia a actividade cultural do Concello de Santiago de Compostela.

2.- O obxecto deste organismo é a elaboración, deseño e execución dos programas de actividades culturais de maior magnitude no ámbito da música, ópera, teatro, congresos e exposicións.

3.- A Deputación da Coruña, do mesmo xeito que o Auditorio de Galicia, exerce competencias en materia de actividades culturais e de promoción da música, existindo a posibilidade legal de subscribir convenios coas distintas administracións públicas para o cumprimento dos fins dispostos na normativa vixente.

4.- O Auditorio de Galicia desenvolve ao longo do ano unha programación de concertos, actividades didácticas e exposicións, cunha difusión moi superior á do termo municipal de Santiago.

5.- Coa finalidade de establecer as condicións de colaboración para a realización do *Programa anual de actividades 2015*, a Deputación da Coruña e o Auditorio de Galicia acordan subscribir o presente convenio, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Auditorio de Galicia (Q1500340C) para financiar o ***Programa anual de actividades 2015***, co seguinte contido:

* Música clásica: Temporada de aboamento con concertos da Real Filharmonía de Galicia e da Orquestra Sinfónica de Galicia.

Ciclo Novas Orquestras: Concertos da Banda de Música do Conservatorio Profesional de Santiago de Compostela, Orquestra Nova da OSG, Orquestra Sinfónica do Conservatorio Superior da Coruña e agrupacións da Escola de Altos Estudos Musicais.

* Ciclo de piano “Ángel Brage”: recitais de Lars Vogt, Herbert Schuch e Alexandre Tharaud.

* Todo Lirica: recitais de distintos cantantes do campo de la lírica, que terá lugar no Nadal.

* Jazz: ciclo de difusión da música de jazz no Teatro Principal unha programación que inclúe actuacións de Richard Bona Group, Chano Domínguez e Niño Josele, Dave Douglas e o Christian McBride Trío.

* Compostela Rock: ciclo que ao longo de todo o ano reúne en diferentes espazos da cidade a artistas de rock, pop e xéneros afíns.

* Blues Nite: novo ciclo que agrupa diferentes estilos de música arredor do blues e as súas variantes e fusións, con actuacións de John Németh, Laurence Jones, The Reverend Peyton’s Big Dam Band, Pardo, Víctor Aneiros, Piti Sanz e Juan Zelada.

* Íntimo & Acústico: ciclo que presenta solistas e grupos en espazos como o Teatro Principal ou o Salón Teatro que permiten un contacto máis próximo co artista, con actuacións de Ariel Rot, Wöyza, Quique González e Carmen Boza.

* Teatro 2015: programación conformada por espectáculos de significados autores, tanto clásicos como modernos: Ernest Thomson, Humberto Eco, Francoise Dorin, O’Neill, Pardo Bazán, Agatha Christie, entre outros.

* Programación Zona “C”: espazo para exposicións, inaugurado no ano 2007 para promover a creación de vangarda e os novos artistas.

* Outras actividades: programación musical e de artes escénicas dirixida a enriquecer e reforzar con eventos especiais os contidos dos ciclos estables de programación.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

O Auditorio de Galicia desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

MÚSICA

Programa de música clásica	24.000.-
Ciclo de piano "Ángel Brage"	20.000.-
Todo Lírca	17.000.-
Jazz	16.000.-
Compostela Rock	55.000.-
Íntimo & Acústico	10.000.-
Blues Nite	13.000.-
Teatro 2015	60.000.-
Outras actividades	12.000.-

EXPOSICIÓNS

Zona "C"	15.000.-
----------	----------

<i>GÁSTOS COMÚNS ÁS ACTIVIDADES</i>	58.000.-
-------------------------------------	----------

***Total gastos* 300.000 €**

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **240.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **80 %**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3343/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Auditorio de Galicia obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Auditorio de Galicia.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Auditorio de Galicia, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, o Auditorio de Galicia deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Auditorio de Galicia.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada ao Auditorio de Galicia unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do Auditorio de Galicia, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsión deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2015.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2015**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Asociación Academia Galega do Audiovisual deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2016**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Auditorio de Galicia para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Auditorio de Galicia da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Auditorio de Galicia na documentación subministrada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Auditorio de Galicia terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O Auditorio de Galicia deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Auditorio de Galicia destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Auditorio de Galicia deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Auditorio de Galicia poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- De igual xeito, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Auditorio de Galicia queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de

enuciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Auditorio de Galicia serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- De igual xeito, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Auditorio de Galicia será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2016** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2015.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2015, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do Auditorio de Galicia, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento. “

12.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CENTRO DE ESTUDOS MELIDENSES-MUSEO DA TERRA DE MELIDE PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE ACTIVIDADES CULTURAIS DO ANO 2015.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 17 de xuño de 2015.

2.- Aprobar o convenio co Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide correspondente á subvención nominativa, por importe de **20.000 €**, concedida para financiar o *Programa de actividades culturais do ano 2015*, cun orzamento subvencionado de 31.346,96 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2016, autorice o correspondente Orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide para financiar o Programa de actividades culturais do ano 2015.

A Coruña,

REÚNENSE

D. Valentín González Formoso, presidente da Deputación da Coruña.

D. Xosé Manuel Broz Rei, director do Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide.

MANIFESTAN

Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación da Coruña, entre cuxas competencias atópase o fomento da actividade cultural, a posta en valor dos espazos naturais e a difusión do patrimonio histórico e monumental, é consciente da importancia do labor que os museos da provincia desenvolven no espallamento da cultura da nosa terra.

Que o Museo da Terra de Melide é o único museo comarcal de toda a provincia, e naceu coas achegas da Xunta de Galicia, Deputación Provincial da Coruña, Concello de Melide e Plan Leader da Unión Europea, constituíndo o cerne dunha concienciación social, e da posta en valor duns elementos que eran testemuñas da nosa antigüidade.

Que, en virtude das consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e o Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide, coa vontade de promover a potenciación das actividades culturais na zona, acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide (CIF: G15229982) para financiar o **Programa de actividades culturais do ano 2015**.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

O Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide desenvolverá as actividades programadas, consonte ao seguinte orzamento:

* Gastos de persoal	19.746,96.-
* Publicación do Boletín nº 28	5.000,00.-
* Edición dun calendario	700,00.-
* Edición de postal de Nadal	200,00.-
* Edición de marcapáxinas	200,00.-
* Reedición trípticos de Patrimonio	2.500,00.-
* Edición dossier visitas guiadas	1.500,00.-
* Edición material gráfico talleres de arqueoloxía en colexios	1.500,00.-
Total de gastos	31.346,96 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **20.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **63,802 %**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 63,802 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3331/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, o Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada ao Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide logo de terse presentado a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscripta polo representante legal do Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, as datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2015.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2015, como máximo.

2.- Despois de que estean rematadas as actividades, o Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do 31 de maio de 2016.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide da sanción que, de conformidade

co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide na documentación subministrada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control

financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- De igual xeito, de acordo co disposto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro será iniciado de oficio, e na súa tramitación será seguido o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo) dándolle, en todo caso, audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de

Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2.- De igual xeito, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2016** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2015.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2016, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de

dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

13.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FEDERACIÓN GALEGA DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES PARA FINANCIAR O VII CAMPUS MUSICAL NO ANO 2015.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 1 de xullo de 2015.

2.- Aprobar o convenio coa Federación Galega de Bandas Populares, correspondente á subvención nominativa, por importe de **18.000 €**, concedida para financiar o *VII Campus musical 2015*, cun orzamento subvencionado de 22.550,00 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2016, autorice o correspondente Orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Federación Galega de Bandas de Música Populares para financiar o “VII Campus musical 2015”

A Coruña,

REUNIDOS

D. Valentín González Formoso, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

D. Armando Morales Blanco, presidente da Federación Galega de Bandas de Música Populares.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que teñen, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

1.- A Federación Galega de Bandas de Música Populares é unha entidade privada sen ánimo de lucro constituída no ano 1985, na que se integran 88 asociacións que supón 5.939 músicos.

2.- Esta entidade busca fomentar a cultura musical da sociedade, achegando a música das bandas a todo o público e poñendo en valor a promoción e a difusión da música popular galega.

3.- Neste contexto, a Federación Galega de Bandas de Música Populares organiza o VII Campus musical 2015, durante o mes de xullo, no Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela.

4.- Logo de ver os resultados do Campus Musical que se veñen celebrando nos últimos anos coa colaboración da Deputación Provincial da Coruña, as dúas entidades coinciden no seu común interese de realizar este proxectos cultural e, por iso, acordan formalizar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Federación Galega de Bandas de Música Populares (NIF: V15110893) para financiar o **“VII Campus musical 2015”**, na cidade de Santiago de Compostela no mes de xullo, cos seguintes obxectivos:

* Mellorar a formación das persoas vinculadas coas bandas de música a través de cursos de formación das diferentes especialidades instrumentais e de formación das directivas.

* Promocionar actividades de intercambio e desenvolvemento común de experiencias vinculadas coa música.

* Achegar a cultura da música de bandas á sociedade, dando a coñecer tanto aos valores máis destacados, como ás novas figuras.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

A Federación Galega de Bandas de Música Populares desenvolverá as actividades programadas consonte ao seguinte orzamento:

Aluguer de espazos e materiais	350,00.-
Contratación de servizos: profesorado, relatores, organización	20.200,00.-
Material de imprenta e difusión	300,00.-
Material non inventariable, seguros...	200,00.-
Gastos xerais da entidade	1.500,00.-
Total	22.550,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **18.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **79,823 %**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 79,823 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3343/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Federación Galega de Bandas de Música Populares obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Federación Galega de Bandas de Música Populares.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Federación Galega de Bandas de Música Populares, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 €, con carácter previo á contratación, a Federación Galega de Bandas de Música Populares deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo

xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberá constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Federación Galega de Bandas de Música Populares.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Federación Galega de Bandas de Música Populares unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita pola representante legal da Federación Galega de Bandas de Música Populares, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2015.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán realizarse durante o **mes de xullo de 2015**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Federación Galega de Bandas de Música Populares deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de outubro de 2015**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Federación Galega de Bandas de Música Populares para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Federación Galega de Bandas de Música Populares da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Federación Galega de Bandas de Música Populares.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Federación Galega de Bandas de Música Populares terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Federación Galega de Bandas de Música Populares deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Federación Galega de Bandas de Música Populares destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Federación Galega de Bandas de Música Populares deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto desta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Federación Galega de Bandas de Música Populares poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- De igual xeito, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Federación Galega de Bandas de Música Populares queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do

importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Federación Galega de Bandas de Música Populares serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- De igual xeito, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Federación Galega de Bandas de Música Populares será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de outubro de 2015** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2015.

2.- Previa solicitude da Federación Galega de Bandas de Música Populares, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

14.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN LUIS SEOANE PARA FINANCIAR AS ACTIVIDADES DE 2015.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados (13 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG, 3 de Marea Atlántica e 1 de Compostela Aberta)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: un deputado (Alternativa dos Veciños)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG, Marea Atlántica e Compostela Aberta e a abstención de Alternativa dos Veciños, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 20 de xullo de 2015.

2.- Aprobar o convenio coa Fundación Luís Seoane correspondente á subvención nominativa, por importe de **30.000 €**, concedida para financiar as *Actividades do ano 2015*, cun orzamento subvencionado de 39.266,83 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2016, autorice o correspondente Orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Luís Seoane para financiar as *Actividades do ano 2015*.

A Coruña,

REUNIDOS

D. Valentín González Formoso, presidente da Deputación da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34.1.b) da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local.

D. David Barro López, director da Fundación Luís Seoane.

Ambas as dúas partes, no nome e na representación que teñen e coa capacidade legal para este acto

EXPOÑEN

1.- A Fundación Luís Seoane é unha fundación cultural privada de interese galego, con personalidade xurídica propia, constituída por acordo plenario do Concello da Coruña, en sesión do 11 de marzo de 1996.

2.- De conformidade co art. 6º dos estatutos, a Fundación ten como fins primordiais, entre outros:

O fomento do estudo e difusión do conxunto da obra e personalidade de Luís Seoane, arquivo e divulgación desta, tanto nos aspectos artísticos como intelectuais, de deseño e sociais, políticos ou biográficos.

Crear os mecanismos necesarios para habilitar unha exposición permanente e pública cunha selección da obra de Luís Seoane.

Organizar estudos, seminarios, cursos, conferencias, coloquios, exposicións e calquera outra actividade encamiñada á educación artística.

Publicar da forma máis rigorosa posible a obra completa de Luís Seoane dun xeito ordenado e continuo, incorporando as técnicas de divulgación máis avanzadas e oportunas.

Promover os estudos sobre Luís Seoane, así como sobre a arte e cultura galega en xeral e a arte gráfica en particular.

Achegar a Galicia experiencias foráneas de interese, dentro dos campos que traballou Seoane, en especial a plástica, o gravado e o deseño.

3.- Que os art. 109.1.d) e 118.d) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia atribúe ás deputacións competencias no fomento e administración dos intereses peculiares da provincia en materia de cultura. De igual xeito, a Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia establece a colaboración das administracións públicas na protección e defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia.

4.- Que, en exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña está interesada en contribuír ao financiamento das actividades da fundación para o ano 2015 e, en tal sentido, no Orzamento correspondente ao presente exercicio figura unha subvención nominativa destinada ao seu financiamento.

5.- Que, co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas as dúas institucións acordan subscribir o presente convenio, conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Luís Seoane (NIF: G15568199) para financiar as *Actividades do ano 2015*, no que se desenvolverá a seguinte exposición:

Angela de la Cruz. Escombros: Do 16/02/2015 ata o 24/02/2015

A exposición responde á necesidade de acoller a obra da autora dentro dun marco institucional na súa cidade natal, ademais de constituír un acontecemento cultural dentro do estado español e o contexto internacional da arte contemporánea.

Con motivo da exposición editouse un vídeo e un libro do mesmo título que recolle, ademais da memoria gráfica da exposición, outros traballos recentes de Ángela de la Cruz. A publicación inclúe ensaios da propia artista, da comisaria da exposición e do director da Fundación Luís Seoane.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

A Fundación Luís Seoane desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

Comisariado	6.500,00.-
Coordinación	3.000,00.-
Montaxe	6.000,00.-
Transporte	16.219,80.-
Seguros	783,03.-
Difusión	1.568,00.-
Publicación	5.196,00.-
Total	39.266,83 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **30.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **76,40 %**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 76,40 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Fundación Luís Seoane obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Fundación Luís Seoane.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á Fundación Luís Seoane, nin con calquera outra na que concorran algunhas das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Fundación Luís Seoane deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha

memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Fundación Luís Seoane.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Fundación Luís Seoane unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Fundación Luís Seoane, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2015.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

* Declaración da presidencia da entidade sobre outras subvencións solicitadas e/ou concedidas por entidades públicas e/ou privadas para o mesmo obxecto ou, no seu caso, declaración da inexistencia doutras subvencións.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2015, como máximo.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Fundación Luís Seoane deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2016**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Fundación Luís Seoane para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Fundación Luís Seoane da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª 6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundación Luís Seoane na documentación subministrada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Fundación Luís Seoane terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Fundación Luís Seoane deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Fundación Luís Seoane destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Fundación Luís Seoane deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación Luís Seoane poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- De igual xeito, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación Luís Seoane queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 56ª 6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o

atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación Luís Seoane serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- De igual xeito, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación Luís Seoane será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2016** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2015.

2.- Previa solicitude da Fundación Luís Seoane, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por -----

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

15.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA FINANCIAR A EXPOSICIÓN CONMEMORATIVA DO 25 ANIVERSARIO DA CREACIÓN DA UDC.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 25 de agosto de 2015.

2.- Aprobar o convenio coa Universidade da Coruña correspondente á subvención nominativa, por importe de 30.000,00 €, concedida para financiar a *Exposición conmemorativa do 25 Aniversario da creación da UDC* cun orzamento subvencionado de 60.615,00 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2016, autorice o correspondente Orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña para financiar a *Exposición conmemorativa do 25 Aniversario da creación da UDC*

A Coruña,

REÚNENSE

Don Valentín González Formoso, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

Don Xosé Luis Armesto Barbeito, reitor magnífico da Universidade da Coruña (en adiante, a UDC), e

MANIFESTAN

Que a UDC é unha entidade de dereito público que ten atribuída por lei a prestación do servizo público de educación superior no ámbito territorial da provincia da Coruña.

Que, de acordo co artigo 1º dos seus Estatutos, son funcións da universidade ao servizo da sociedade:

* A creación, desenvolvemento, transmisión e crítica da ciencia, da técnica e da cultura.

* A difusión, a valorización e a transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, da calidade da vida e do desenvolvemento económico.

* A difusión do coñecemento e da cultura a través da extensión universitaria e da formación ao longo de toda a vida.

Que a Deputación da Coruña é unha entidade local supramunicipal que ten, entre outros fins, o fomento dos intereses da provincia, o apoio e cooperación cos concellos da Coruña e a difusión dos temas vencellados co eido local, en colaboración con outras entidades e organismos, para contribuír de maneira sostible ao avance do coñecemento e o benestar social.

Que, con motivo dos 25 anos da creación da Universidade da Coruña, a UDC desenvolve durante o curso académico 2014-2015 un programa de conmemoración e difusión que inclúe diversas actividades de interese público; entre elas, está a produción dunha exposición sobre o que significou para a comarca coruñesa e a provincia da Coruña, en particular, e a sociedade galega, en xeral, a creación da Universidade da Coruña.

Tendo en conta as anteriores consideracións, a Deputación da Coruña está interesada en colaborar coa UDC na realización e difusión da *Exposición conmemorativa do 25 Aniversario da creación da UDC*.

En virtude do exposto, e dando cumprimento á vontade das entidades ás que respectivamente representan, os comparecentes outorgan neste acto o presente convenio de colaboración, e acordan formalizar o presente convenio que se rexe polas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña (NIF: Q6550005J) para financiar a **Exposición conmemorativa do 25 Aniversario da creación da UDC**, que tivo lugar no primeiro semestre do ano 2015 nas cidades da Coruña e Ferrol.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

A UDC desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

Documentación e redacción do discurso expositivo	3.225,00
Deseño gráfico, produción, montaxe de paneis e expositores	43.390,00
Campaña de difusión	6.000,00
Deseño e impresión do catálogo da exposición	8.000,00

Total **60.615,00 €**

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **30.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe do **49,493 %** do orzamento total.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos, propios ou alleos, acreditando a UDC que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á Universidade.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 49,493 %, da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/326.9/453.90, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á UDC.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas contractualmente á UDC, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera os 12.000 €, con carácter previo á contratación, a UDC deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- A Deputación da Coruña constitúese en organismo patrocinador das actividades sinaladas na cláusula primeira, polo que na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da UDC.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á UDC despois da presentación da seguinte documentación:

* Memoria da actuación, subscrita polo representante legal da UDC, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia

sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2015.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2015 como máximo.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a UDC deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2016**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á UDC para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto; aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á UDC da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56^a.6^o das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola UDC na documentación subministrada.

Se transcorresen máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a UDC terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A UDC deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social.

Para tal fin poderá autorizar á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A UDC destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a UDC deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a UDC poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- De igual xeito, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a UDC queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 56^a.6^o das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10% do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da UDC serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- De igual xeito, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á UDC será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicatoruna.es

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2016** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2015.

2.- Por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos informes da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ----

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuádruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

16.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA FINANCIAR A ACTIVIDADE: TENDENCIAS ACTUAIS EN FILOSOFÍA E METODOLOXÍA ACTUAL DA CIENCIA, NA QUE SE INTEGRAN AS “XX XORNADAS SOBRE FILOSOFÍA E METODOLOXÍA ACTUAL DA CIENCIA E O CONGRESO DA ACADEMIA INTERNACIONAL DE FILOSOFÍA DAS CIENCIAS”.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da

Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 27 de agosto de 2015.

2.- Aprobar o convenio coa Universidade da Coruña correspondente á subvención nominativa, por importe de **48.359,73 €**, concedida para financiar a actividade: *Tendencias actuais en Filosofía e Metodoloxía actual da Ciencia, na que se integran as "XX Xornadas sobre Filosofía e Metodoloxía actual da Ciencia e o Congreso da Academia Internacional de Filosofía das Ciencias"*, cun orzamento subvencionado de 61.341,65 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2016, autorice o correspondente Orzamento.

"Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña para financiar a actividade: *Tendencias actuais en Filosofía e Metodoloxía actual da Ciencia, na que se integran as "XX Xornadas sobre Filosofía e Metodoloxía actual da Ciencia e o Congreso da Academia Internacional de Filosofía das Ciencias"*

A Coruña,

REÚNENSE

Don Valentín González Formoso, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

Don Xosé Luis Armesto Barbeito, reitor magnífico da Universidade da Coruña (en adiante, a UDC), e

MANIFESTAN

Que a UDC é unha institución pública, creada pola Lei 11/1989, do 20 de xullo, de Ordenación do Sistema Universitario de Galicia.

Que, de acordo co artigo 1º dos seus Estatutos, son funcións da universidade ao servizo da sociedade:

* A creación, desenvolvemento, transmisión e crítica da ciencia, da técnica e da cultura.

* A difusión, a valorización e a transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, da calidade da vida e do desenvolvemento económico.

* A difusión do coñecemento e da cultura a través da extensión universitaria e da formación ao longo de toda a vida.

Que a Área de Lóxica e Filosofía da Ciencia da UDC desenvolve dende hai 19 anos as Xornadas sobre Filosofía e Metodoloxía actual da Ciencia, motivo polo que a Academia Internacional de Filosofía das Ciencias celebrará o seu congreso anual no Campus de Ferrol, coincidindo co 25 aniversario da UDC.

Que a Deputación da Coruña ten entre os seus obxectivos o fomento da educación e a programación e subvención das actividades culturais, artísticas e científicas, en colaboración con outras entidades e organismos, para contribuír de maneira sostible ao avance do coñecemento e o benestar social.

Tendo en conta as anteriores consideracións, a Deputación da Coruña está interesada en colaborar coa UDC na actividade: Tendencias actuais en Filosofía e Metodoloxía actual da Ciencia, na que se integran as “XX Xornadas sobre Filosofía e Metodoloxía actual da Ciencia: Enfoques do método científico: pluralismo versus reduccionismo e o Congreso da Academia Internacional de Filosofía das Ciencias”.

En virtude do exposto, e dando cumprimento á vontade das entidades ás que respectivamente representan, os comparecentes outorgan neste acto o presente convenio de colaboración, e acordan formalizar o presente convenio que se rexe polas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña (NIF: Q6550005J) para financiar a actividade: *Tendencias actuais en Filosofía y Metodología actual de la Ciencia, na que se integran as “XX Xornadas sobre Filosofía e Metodoloxía actual da Ciencia: Enfoques do método científico: pluralismo versus reduccionismo e o Congreso da Academia Internacional de Filosofía das Ciencias”.*

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

A UDC desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

* XX Xornadas sobre Filosofía e Metodoloxía actual da Ciencia: Enfoques do método científico: pluralismo versus reduccionismo

Aloxamento profesores invitados	1.875,00.-	
Material imprenta e difusión: folletos e carteis	1.400,00.-	
Portadocumentos, carpetas, bolígrafos, etc.	1.870,00.-	
Mural	300,00.-	
Fotocopias de relatorios e comunicacións	700,00.-	
Servizo de tradución simultánea	950,00.-	
Viaxes relatores	3.950,00.-	
Gastos directos		11.045,00.-
Gastos indirectos (3%)		331,35.-
<i>Subtotal</i>		<i>11.376,35 €</i>

* Congreso da Academia Internacional de Filosofía das Ciencias

Aloxamento de participantes no Pazo de Mariñán	9.586,00.-
--	------------

Material imprenta e difusión: folletos e carteis	1.200,00.-
Portadocumentos, carpetas, bolígrafos, etc.	2.900,00.-
Mural e expositores	600,00.-
Persoal da Secretaría técnica do Comité	3.600,00.-
Viaxes relatores	23.100,00.-
Desprazamentos internos dos participantes	6.100,00.-
Desprazamentos do Comité organizador	500,00.-
Gastos directos	47.586,00.-
Gastos indirectos (5%)	2.379,30.-
<i>Subtotal</i>	49.965,30 €
<i>Total</i>	61.341,65 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **48.359,73 €**, o que representa unha porcentaxe do **78,837 %** do orzamento total.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos, propios ou alleos, acreditando a UDC que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á Universidade.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 78,837 %, da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/326.9/453.90, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á UDC.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas contractualmente á UDC, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 12.000 €, con carácter previo á contratación, a UDC deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaía sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- A Deputación da Coruña constitúese en organismo patrocinador das actividades sinaladas na cláusula primeira, polo que na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da UDC.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á UDC despois da presentación da seguinte documentación:

* Memoria da actuación, subscrita polo representante legal da UDC, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2015.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2015 como máximo, e realizaranse de acordo co seguinte calendario:

* XX Xornadas sobre Filosofía e Metodoloxía actual da Ciencia: Enfoques do método científico: pluralismo versus reduccionismo: 12 e 13 de marzo de 2015, no Campus de Ferrol.

* Congreso da Academia Internacional de Filosofía das Ciencias: 21 ao 27 de setembro de 2015, no Campus de Ferrol e no Pazo de Mariñán.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a UDC deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2016**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á UDC para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto; aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á UDC da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56^a.6^o das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola UDC na documentación subministrada

Se transcorresen máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a UDC terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A UDC deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social.

Para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A UDC destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a UDC deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a UDC poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- De igual xeito, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a UDC queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 56^a.6^o das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10% do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da UDC serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2.- De igual xeito, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á UDC será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicatoruna.es

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2016** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2015.

2.- Por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos informes da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ----

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuádruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

17.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN FERROLÁ DE DROGODEPENDENCIAS ASFEDRO PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE INTERVENCIÓN NO OCIO NOCTURNO EDUCANDO NO LECER 2015.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1. Exceptuar para a tramitación do presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota

de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 17 de xullo de 2015.

2. Aprobar a formalización e o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO (G15072010) para financiar o programa de intervención no ocio nocturno, *Educando no lecer 2015*, cunha achega da Deputación de 18.000,00 €, que supón unha porcentaxe do 80% do orzamento subvencionado, que é de 22.500,00 €, importe que será aboado conforme ao previsto nas cláusulas VI e VIII do texto do convenio, e con cargo á partida 0611/23121/481 do orzamento vixente.

3. Subordinar o presente acordo á incorporación do crédito correspondente ao exercicio 2016.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ENTIDADE ASOCIACIÓN FERROLÁ DE DROGODEPENDENCIAS ASFEDRO PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE INTERVENCIÓN NO LECER NOCTURNO “EDUCANDO NO LECER 2015”

A Coruña, o de de ,na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

D. Valentín González Formoso, presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

Dna. Olga Basterrechea Cubeiro, presidenta da Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

A Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO ten como fins intentar significar a grave complexidade da droga e a defensa e protección do individuo e a colectividade ante o consumo, promoción e emprego das drogas tóxicas, estupefacientes e análogos. Esta asociación desenvolve as súas actividades no ámbito comarcal de Ferrolterra.

É competente a Deputación, para o previsto no convenio, conforme á Lei de bases de réxime local 7/85, art. 36, e a de admón. local de Galicia, 5/97, art. 109 a 119, para a colaboración no financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración.

A Deputación colabora no financiamento dos servizos sociais especializados, como é este caso, xa que son actividades para a toma de conciencia colectiva e individual sobre o dano xerado polo emprego e uso destas substancias, sempre que os ditos servizos os presten entidades de iniciativa social, (sen ánimo de lucro), como é o caso

da entidade beneficiaria, e suplindo ou completando as competencias das administracións públicas. Neste caso consta a colaboración expresa de varios concellos de Ferrolterra e arredores que ceden locais ou lugares onde realizar as actividades que ten convenio de colaboración para eses fins.

Segundo a Lei de servizos sociais 13/2008, art. 2.3, art. 60.c) e art. 63, os concellos deben colaborar no fomento dos servizos que prestan as entidades de iniciativa social, e a Deputación é competente para dar apoio aos concellos nas prestacións dos servizos sociais. Neste caso está claro o interese provincial da actividade posto que do servizo poderanse beneficiar usuarios procedentes e derivados dos Concellos de Ferrolterra, como Narón, Ferrol, Fene, Neda, Cedeira, Cariño, Ortigueira e tamén Zas, A Coruña e Cambre.

Dado o interese coincidente da Deputación e da Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFREDO, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña) e a Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO, CIF G-15072010, para o financiamento do Programa de intervención no ocio nocturno “Educando no lecer 2015” co obxectivo de crear un espazo de referencia adaptado aos cambios, con capacidade de escoita e como alternativa sólida ao uso de drogas como fonte de diversión na xuventude. Subministrar as ferramentas necesarias para espertar a súa actitude crítica e reflexiva sobre as drogas.

As zonas de traballo serán prioritariamente os concellos da área de Ferrolterra e comarca, pero tamén haberá actividades abertas ao resto da poboación nova da provincia.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE VAI REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

A Asociación Ferrolá de drogodependencias ASFREDO, levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO	UNIDADES	IMPORTE
I. Persoal	1.1 Nóminas e seguridade social	18.020,00 €
II. Outros	2.1. Deseño e impresión, publicidade, información,.. 2.2. Material funxible e didáctico	480,00 € 2.000,00 €

	2.3. Auga e electricidade 2.4. Telefono	1.250,00 € 750,00 €
TOTAL : (IVE incluído)		22.500,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **18.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe do **80%**. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80%**, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0611/23121/481**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFREDO obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFREDO. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFREDO, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos (dípticos, carteis, notas de prensa...), radiofónicos ou televisivos, audiovisuais ou internet (na súa páxina web...), carpa ou accesorios, etc. deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscripta polo representante legal da Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas, dos usuarios atendidos por concello e actividade, e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o establecido na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, **realizaranse entre o 1 de xaneiro de 2015 e o 31 de decembro de 2015.**

2. Unha vez rematadas as actividades, a Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFREDO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA, antes do **31 de maio de 2016.**

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFREDO, para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFREDO da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª.6 das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFREDO na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFREDO terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

1. A Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFREDO deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social. E para tal fin poderá autorizar á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFREDO destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFREDO deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFREDO poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Igualmente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFREDO queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de

sancións previsto nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFREDO serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Igualmente, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFREDO será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro de 2015, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de maio de 2016**, todo elo condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupostario correspondente.

2. Para o caso de que a Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFREDO non poida ter presentada a xustificación antes do día 31 de maio de 2016, deberá solicitar polo menos dous meses antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano 2016. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFREDO perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día
de_____de_____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN A PRESIDENTA DA ASOCIACIÓN FERROLÁ
PROVINCIAL DA CORUÑA DE DROGODEPENDENCIAS ASFEDRO

Valentín González Formoso

Olga Basterrechea Cubeiro”

18.-MODIFICACIÓN DO “PROXECTO DE REFORMA DA PRAZA DE ABASTOS 2012” DO CONCELLO DE PADRÓN, INCLÚIDO NA SEXTA FASE DO PROGRAMA DE MODERNIZACIÓN DOS MERCADOS LOCAIS.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º- Aprobar a modificación do proxecto do Concello de Padrón correspondente á 6ª fase da anualidade 2012 do Programas de modernización dos mercados locais dirixido aos concellos das comarcas do Barbanza, Muros-Noia e o Sar cuxas cifras globais de financiamento se indican a continuación:

CONCELLO	DESCRICIÓN DO PROXECTO	Presuposto	Achega municipal	Achega provincial
Padrón	“Reforma da Praza de Abastos”	37.171,60 €	921,60 €	36.250,00 €

2º.- O pago da achega provincial correspondente á obra de “Reforma da praza de abastos” e que ascende a un total de **36.250,00 €** será imputado á aplicación presupostaria 0510/4314/762.01.

3º.- A contratación e execución das obras e actuacións realizaraa o concello de acordo coas instrucións que figuran no punto 7 e 8 das bases reguladoras.

4º Conceder novos prazos ao Concello de Padrón para proceder á contratación, execución e xustificación da obra perante a Deputación. O prazo para contratar será de seis meses contados desde a notificación do presente acordo; o prazo para executar e xustificar a obra perante a Deputación será dun ano contado desde a adxudicación da obra polo concello.

A concesión dos novos prazos de contratación, execución e xustificación está motivada nas seguintes circunstancias non imputables ao Concello de Padrón:

- Imposibilidade de inicio da contratación execución das obras por non contar coas licenzas procedentes.
- Necesidade de modificación do proxecto inicial.
- Solicitud de prórroga, efectuada dentro do prazo, que non foi resolta, e por tanto notificada ao concello, polo que cabería entender estimada a concesión por silencio administrativo, a teor do disposto no artigo 43.1 da Lei 30/1992.
- Non consta requirimento de acordo co artigo 70.3 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

5º Dispoñer a exposición pública da modificación do proxecto do Concello de Padrón correspondente á 6ª fase da anualidade 2012 do Programa mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan

presentarse as alegacións oportunas, podéndose proseguir as actuacións despois de que transcorra o dito prazo sen que se presente ningunha alegación.

6º.- Facultar o presidente para canto proceda en orde á xestión do presente acordo".

19.-RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA POLA QUE SE APROBA A COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

Sr. Secretario

Hai que matizar neste punto que a resolución da que se deu conta na Comisión, que figura no ditame, non é a mesma que hai agora, é dicir, modificouse ao día seguinte para que o Xefe de Servizo de Patrimonio e Contratación que figura corresponda á persoa que ocupa actualmente este posto, Luis Jaime Rodríguez Fernández, esa é a matización, entón a que se ratificaría sería xa a modificada co novo xefe de Servizo.

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, ratifica a Resolución da Presidencia nº 19273, do 09.09.2015, que literalmente di:

"Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial de A Coruña,

RESOLVO:

1º) Modificar a Resolución da Presidencia nº 16702 do 30/07/2015 pola que se aprobou a composición da Mesa de Contratación Permanente da Deputación Provincial da Coruña respecto dos procedementos de contratación abertos e restrinxidos e dos procedementos negociados con publicidade a que se refire o artigo 177.1 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, no senso de substituír a Dª Susana Vázquez Romero por D. Luis Jaime Rodríguez Fernández, Xefe do Servizo de Contratación, de maneira que a composición da Mesa de Contratación Permanente da Deputación Provincial da Coruña queda integrada polas seguintes persoas:

	TITULARES	SUPLENTES
PRESIDENTE	Deputado provincial (Grupo Bloque Nacionalista Galego, BNG) D. Xesús Manuel Soto Vivero	Deputado provincial (Grupo Bloque Nacionalista Galego, BNG) D. Manuel Muíño Espasandín
VOGAIS	Deputado provincial (Grupo Partido Socialista Obrero Español, PSOE) D. Bernardo Fernández Piñeiro	Deputado provincial (Grupo Partido Socialista Obrero Español, PSOE) D. Julio Sacristán de Diego
	Deputada provincial (Grupo Partido Popular, PP) Dª Mariel Padín Fernández	Deputado provincial (Grupo Partido Popular, PP) D. Diego Calvo Pouso

	Deputado provincial (Grupo Compostela Aberta, CA) D. Manuel Dios Diz	-
	Deputado provincial (Grupo Alternativa dos Veciños, AV) D. Angel García Seoane	-
	Deputado provincial (Grupo Marea Atlántica, MA) D. Daniel Díaz Grandío	Deputada provincial (Grupo Marea Atlántica, MA) Dª Claudia Delso Carreira
	Secretario Xeral (con funcións de asesoramento xurídico) D. José Luis Almau Supervía	Oficial Maior Dª Mª Amparo C. Taboada Gil
	Interventor Xeral D. José Manuel Pardellas Rivera	Interventor adxunto D. Juan Bautista Suárez Ramos
	Xefe do Servizo de Contratación D. Luis Jaime Rodríguez Fernández	Xefa da Sección I de Contratación Dª María José Lauda Pan
SECRETARIA CON VOZ E SEN VOTO	Oficial Maior Dª Mª Amparo C. Taboada Gil	Xefe do Servizo de Contratación D. Luis Jaime Rodríguez Fernández

2º) Dar conta ao Pleno da Corporación para a súa ratificación.

3º) Dispoñer a publicación do presente acordo no Boletín Oficial de la Provincia, de conformidade co establecido no artigo 21.4 do Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve a Ley 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos del Sector Público.”

20.-APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA “SEGURIDADE VIARIA NA AC-542 DA PICOTA A NOGUEIRAS (FASE I)” DO CONCELLO DE ABEGONDO, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2014 CO CÓDIGO 14.2100.0001.0, E APROBACIÓN DEFINITIVA DA OBRA.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta Deputación, na sesión ordinaria do 28 de marzo de 2014, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2014 e o seu Plan complementario

Tendo en conta que no apartado 2 do citado acordo se indica que a aprobación definitiva das obras dalgúns concellos quedaba condicionada á realización das condicións suspensivas que se detallan para cada obra, entre as que figura a obra do Concello de Abegondo que se indica na seguinte táboa:

Concello Código da obra	Denominación	Deputación F. propios	Concello	Orzamento Total	Condición que ha realizar
Abegondo 14.2100.0001.0	Seguridade viaria na AC-542 Picota-Nogueiras (Fase I)	68.638,41	0,00	68.638,41	Acreditación da obtención da autorización da Axencia Galega de Infraestruturas

Logo de recibir o Concello de Abegondo a Resolución do xefe do Servizo Provincial de Infraestruturas, do 17 de novembro de 2014, e de aprobar e presentar

telematicamente un proxecto modificado desta obra para dar cumprimento ás condicións impostas na dita autorización da Axencia Galega de Infraestruturas

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS 2014, aprobadas polo Pleno desta Deputación o 25 de outubro de 2013 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 206, do 29 de outubro de 2013

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1º Aprobar a modificación do proxecto da obra "Seguridade viaria na AC-542 da Picota a Nogeiras (Fase I)" do Concello de Abegondo, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2014 co código: 14.2100.0001.0, que máis adiante se indica, que aínda que non supón modificación do seu presuposto total, nin cambio da finalidade da obra, nin da súa localización, si implica unha variación dalgunhas partidas internas do proxecto inicial superior ao 30%

Código da obra	Concello	Denominación	FINANCIAMENTO		
			Deputación F. propios	Concello	Orzamento Total
14.2100.0001.0	Abegondo	Seguridade vial na AC-542 Picota-Nogeiras (Fase I)	68.638,41	0,00	68.638,41

A achega provincial a esta obra financiarase con cargo á partida 0430/4592/76201

2º Considerar cumprida a condición á que foi sometida esta obra, segundo o acordo plenario desta Deputación do 28 de marzo de 2014, e aprobala definitivamente, toda vez que a xustificación da aprobación do proxecto modificado desta obra é dar cumprimento a tal condición

3º Notificar telematicamente este acordo ao Concello de Abegondo para os efectos de que poida iniciar a contratación e a execución desta obra incluída no POS 2014."

21.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA "ACCESO A REVIXÓS E OUTROS", DO CONCELLO DE DODRO, COFINANCIADO POLA DEPUTACIÓN A TRAVÉS DO CONVENIO DE COLABORACIÓN 52/2015.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o acordo do Pleno desta Corporación do 27 de febreiro de 2015 polo que se aproba, o convenio de colaboración co Concello de Dodro para a execución da obra "Acceso a Revixós e outros", cun orzamento total de 199.995,71 € e cunha achega provincial que supón a financiamento do 100% do total do seu orzamento

Logo de aprobar o Concello de Dodro un proxecto modificado desta obra mediante acordo plenario do 17/07/2015, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA

1.- Aprobar a modificación do proxecto da obra denominada “Acceso a Revixós e outros”, do Concello de Dodro, incluída nun convenio de colaboración entre a Deputación e o dito concello, no que se recollen variacións nas súas partidas que non supoñen cambio na súa finalidade nin no seu obxecto, pero si supón un aumento do seu orzamento.

Concello	Código	Denominació		Inicial	Modificado	Diferenza
Dodro	52/2015	Acceso Revixós outros	<i>Deputación</i>	199.995,71 €	199.995,71 €	0,00 €
			<i>Concello</i>	0,00€	12.940,95 €	12.940,95 €
			<i>Total</i>	199.995,71 €	212.936,66 €	12.940,95 €

2.- O financiamento da achega provincial a esta obra realizarase con cargo á partida 0430/4541/76201 do vixente presuposto provincial.”

22.-INFORME SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN PRESUPOSTARIA A 30/06/2015 E PROXECCIÓN A 31/12/2015.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados (13 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG, 3 de Marea Atlántica e 1 de Compostela Aberta)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: un deputado (Alternativa dos Veciños)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG, Marea Atlántica e Compostela Aberta e a abstención de Alternativa dos Veciños, acorda:

“Tomar coñecemento do informe sobre o estado de execución presupostaria a 30/06/2015 e proxección a 31/12/2015.”

23.-INFORME SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN PRESUPOSTARIA A 31/07/2015 E PROXECCIÓN A 31/12/2015.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados (13 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG, 3 de Marea Atlántica e 1 de Compostela Aberta)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: un deputado (Alternativa dos Veciños)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG, Marea Atlántica e Compostela Aberta e a abstención de Alternativa dos Veciños, acorda:

“Tomar coñecemento do informe sobre o estado de execución presupostaria a 31/07/2015 e proxección a 31/12/2015.”

24.-INFORMACIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES AO QUE SE REFIRE O REAL DECRETO 635/2014, DO 25 DE XULLO, CORRESPONDENTE AO MES DE XUÑO.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados (13 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG, 3 de Marea Atlántica e 1 de Compostela Aberta)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: un deputado (Alternativa dos Veciños)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG, Marea Atlántica e Compostela Aberta e a abstención de Alternativa dos Veciños, acorda:

“PRIMEIRO: Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pagamento a provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación provincial e o Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento para o mes de xuño de 2015.

SEGUNDO: Unha vez remitida a información ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, acórdase a súa publicación na páxina web da Deputación provincial da Coruña.”

25.-INFORMACIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES AO QUE SE REFIRE O REAL DECRETO 635/2014, DO 25 DE XULLO, CORRESPONDENTE AO MES DE XULLO.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados (13 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG, 3 de Marea Atlántica e 1 de Compostela Aberta)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: un deputado (Alternativa dos Veciños)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG, Marea Atlántica e Compostela Aberta e a abstención de Alternativa dos Veciños, acorda:

“PRIMEIRO: Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pagamento a provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación provincial e o Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento para o mes de xullo de 2015.

SEGUNDO: Unha vez remitida a información ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, acórdase a súa publicación na páxina web da Deputación provincial da Coruña.”

26.-INFORME SOBRE O ESTADO DE TRAMITACIÓN DAS FACTURAS CORRESPONDENTES AO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2015 NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL E NO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA, EN APLICACIÓN DO ESTABLECIDO NA LEI 15/2010, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, DO 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados (13 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG e 3 de Marea Atlántica)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 2 deputados (1 de Alternativa dos Veciños e 1 de Compostela Aberta)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG e Marea Atlántica e a abstención de Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños, acorda:

- “1º. Tomar coñecemento do informe emitido pola Intervención en cumprimento do establecido no artigo 5 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, así como do estado de tramitación das facturas exposto nos distintos informes das Unidades tramitadoras.
- 2º. Dispor que se publique na páxina web da Deputación a documentación referenciada no apartado anterior, para xeral coñecemento.
- 3º. Enviar a devandita documentación aos órganos competentes da comunidade autónoma e do Ministerio de Economía e Facenda.”

27.-DAR CONTA DA INFORMACIÓN RENDIDA AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS EN CUMPRIMENTO DA ORDE HAP/2082/2014, DO 7 DE NOVEMBRO, POLA QUE SE MODIFICA A ORDE HAP/2105/2012, DO 1 DE OUTUBRO, POLA QUE SE DESENVOLVEN AS OBRIGAS DE SUBMINISTRACIÓN DE INFORMACIÓN ESTABLECIDAS NA LEI ORGÁNICA 2/2012, DO 27 DE ABRIL, DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SOSTIBILIDADE FINANCEIRA.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados (13 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG, 3 de Marea Atlántica e 1 de Compostela Aberta)

Votan en contra: ningún deputado
Abstéñense: un deputado (Alternativa dos Veciños)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG, Marea Atlántica e Compostela Aberta e a abstención de Alternativa dos Veciños, acorda:

- “1º. Tomar coñecemento da información remitida ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en cumprimento do disposto na Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira.
- 2º. Poñer a disposición de calquera interesado lexítimo a información obtida a través da páxina de internet da Deputación provincial. Dispor que se publique na páxina web da Deputación a documentación referenciada no apartado anterior, para xeral coñecemento.”

28.-ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DO CONCELLO DE MUGARDOS, NAS SEGUINTE COMPETENCIAS:

- d. Instrución dos procedementos sancionadores por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.
- e. Recadación, tanto en período voluntario como executivo, dos expedientes sancionadores por denuncias cursadas polo concello por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.
- f. Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa por utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados (13 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG, 3 de Marea Atlántica e 1 de Compostela Aberta)

Votan en contra: ningún deputado
Abstéñense: un deputado (Alternativa dos Veciños)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG, Marea Atlántica e Compostela Aberta e a abstención de Alternativa dos Veciños, acorda:

- “1.- Aceptar a delegación do Concello de Mugardos, en materia de instrución dos procedementos sancionadores por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.
- 2.- Aceptar a delegación do Concello de Mugardos, en materia de recadación tanto en período voluntario como executivo, dos expedientes sancionadores por denuncias

cursadas polo concello por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.

3.- Aceptar a delegación do Concello de Mugardos, en materia de xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa por utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral.

4.- A delegación entrará en vigor, unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, e o seu exercicio levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación de servizos en materia de sancións por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria e da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais aos concellos que non teñan delegada a xestión tributaria e a recadación dos impostos municipais obrigatorios, aprobadas para o efecto por esta Deputación provincial.”

29.- APROBACIÓN DEFINITIVA DA CONTA XERAL DO ORZAMENTO DE 2014.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (13 do PP, 8 do PSOE e 5 do BNG)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 5 deputados (3 de Marea Atlántica, 1 de Alternativa dos Veciños e 1 de Compostela Aberta)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE e o BNG e a abstención de Marea Atlántica, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños, acorda:

“1º. Aprobar a Conta Xeral do Presuposto da Deputación provincial correspondente ao exercicio 2014, unha vez cumpridos os trámites dispostos no art. 212 do Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, sen que se presenten reparos ou observacións á devandita Conta.

2º. Renderlle a Conta ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas e remitirle á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais, unha vez que se aprobe definitivamente.”

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓNS

-MOCIÓN DO GRUPO ALTERNATIVA DOS VECIÑOS SOBRE A VESPA ASIÁTICA. Sr. García Seoane

Como a moción a coñecen todos os membros da Deputación que forman tanto o Goberno como a oposición, vou resumila, sabemos que está ocorrendo un tema moi grave, como moitos outros que veñen acontecendo, que non se abordan desde as

esferas políticas, un tema moi grave co tema da vespa asasina, que se lle chama, e que está acabando con todos os recursos que en moitos lugares de Galicia teñen as persoas que se dedican á apicultura. É unha invasión total que está ademais metida nos cascos urbanos, non só no interior, e o que está a provocar por un lado perda das especies autóctonas, perda da flora, o tema da fruticultura e o control desta vespa, senón hai unha actuación conxunta, non hai forma de parala. Si hai formas, en cambio, para lograr a seguridade cidadá, e por tanto o que eu propoño aquí, ademais de todos estes temas que comentaba, e que veñen elaborados na moción, a proposta sería a seguinte:

Que a Deputación da Coruña inicie os trámites necesarios para habilitar fondos para a investigación sobre os métodos de loita máis axeitados, como a elaboración dunha feromona específica para utilizar nas trampas. Isto pódese lograr cunha colaboración entre a Deputación da Coruña e a Universidade de Santiago para estudar as medidas máis lóxicas e a súa aplicación efectiva coa fin de erradicar a praga.

Abordar o problema cunha colaboración conxunta entre os concellos, a Deputación da Coruña e a Xunta de Galicia para optimizar a eficacia de medidas como o trampeo e a retirada dos niños, baseándose na experiencia de apicultores e grupos de protección civil que na actualidade son os que están a abordar a problemática nos concellos.

Dicir neste tema aquí, como anécdota, que onte chegou unha factura ao Concello de Oleiros dunha grúa que tivemos que pedir para un edificio de certa altura, de vinte metros de altura, e tivemos que pedir unha grúa ao parque de bombeiros, e 300 euros. Esta é a forma de colaborar para erradicar esta peste que está invadindo Galicia.

O terceiro é, establecido o protocolo de actuación para a erradicación da *vespa velutina* e a cuantificación económica dos traballos que haxa que desenvolver, a Deputación da Coruña establecerá un fondo económico anual para sufragar os gastos que implique a loita contra a devandita especie.

E cuarto, solicitar á Xunta de Galicia a elaboración dun plan específico para a erradicación da *vespa velutina* en colaboración coas deputacións, concellos e asociacións de apicultores de Galicia, e a dotación dunha partida económica, tamén do organismo autónomo, para sufragar os gastos que implique o plan e as sesións informativas necesarias para xerar coñecemento na poboación.

Por iso o Grupo de Alternativa fai chegar esta moción para que poida ser debatida e aprobada.

Por unanimidade, apróbase a seguinte moción:

**“MOCIÓN DO GRUPO ALTERNATIVA DOS VECIÑOS SOBRE A VESPA ASIÁTICA.
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Dende a chegada da *vespa volutina* a Europa a mediados da década pasada, a súa colonización supuxo un grave problema para varios países da zona. En 2010 foron

avistados os primeiros exemplares en Galicia. Nos anos 2014 e, especialmente, no que vai de 2015, moitos concellos de Galicia e, de forma maioritaria, os do norte da provincia da Coruña, están a sufrir a invasión desta especie foránea chegada de Asia. Neste ano xa foron identificados case a tripla de niños de avésa asiática que en 2014, o que demostra a capacidade de adaptación desta especie ao ecosistema galego, cuxa humidade e clima suave resultan óptimas para o arraigo e a proliferación do insecto. Os principais problemas que derivan da invasión da avésa asiática son os que seguen:

1. **Perda das especies autóctonas:** as avésas asiáticas, ao ser carnívoras, aliméntanse principalmente das abellas obreiras, que cazan ao voo durante o día, e das crías de abella que atacan directamente no enxame da colmea. Ao non ser un inimigo natural, senón introducido, as especies autóctonas de abella non teñen desenvolto ningún mecanismo de defensa eficaz para facerlles fronte. Ademais, ante a ameaza, a colmea deixa de saír, debilítase e, finalmente, morre, coas consecuentes perdas para o sector apícola galego.

2. **Perda da flora:** ao ser unha especie cunha capacidade de predación sen oposición, a desaparición progresiva das abellas pode levar a un alarmante descenso da polinización da flora silvestre e, polo tanto, á paulatina perda das especies galegas.

3. **Fruticultura:** ademais doutras avésas ou de abellas, a avésa asiática consome gran cantidade de azucre que atopa en froitos maduros, polo que a súa colonización masiva afecta en gran medida tamén á produción do sector frutícola.

4. **Difícil control:** pode prosperar tanto no rural como en zonas urbanas e periurbanas, e o feito de que aniñen na zona alta das árbores ou en farois en colonias de máis de ata 15.000 individuos, dificulta moito o seu control por parte dos especialistas.

5. **Seguridade cidadá:** os niños que crean son aparatosos e poden albergar moitos individuos e, aínda que a súa picadura non sexa moito máis perigosa que a da *vespa cabro* autóctona, se se senten ameazadas poden atacar en grupo á fonte da ameaza nunha distancia superior aos 500 metros, cos conseguintes riscos para a poboación alérxica.

Como teñen denunciado diversas agrupacións apícolas como Mel de Galicia, a Asociación Galega de Apicultores ou a Asociación apícola Costa Ártabra, as medidas postas en marcha pola Consellería de Medio Rural e do Mar da Xunta de Galicia a través da empresa contratada TRAGSA non tiveron a efectividade esperada e son insuficientes. Ademais, a empresa vén incumprindo as normas de aplicación ao retirar en moitas ocasións os niños identificados durante o día, cando están baleiros, o que provoca que as avésas colonicen novas zonas.

Por todo isto, o Pleno da Deputación da Coruña;

ACORDA

1. Que a Deputación da Coruña inicie os trámites necesarios para habilitar fondos para a investigación sobre os métodos de loita máis axeitados, como a elaboración dunha feromona específica para utilizar nas trampas. Isto pódese lograr cunha colaboración entre a Deputación da Coruña e a Universidade de Santiago para estudar as medidas máis lóxicas e a súa aplicación efectiva coa fin de erradicar a praga.
2. Abordar o problema cunha colaboración conxunta entre os concellos, a Deputación da Coruña e a Xunta de Galicia para optimizar a eficacia de medidas como o trampeo e a retirada dos niños, baseándose na experiencia de apicultores e grupos de protección civil que na actualidade son os que están a abordar a problemática nos concellos.
3. Establecido o protocolo de actuación para a erradicación da *vespa velutina* e a cuantificación económica dos traballos a desenvolver, a Deputación da Coruña establecerá un fondo económico anual para sufragar os gastos que conleva a loita contra a devandita especie.
4. Solicitar á Xunta de Galicia a elaboración dun plan específico para a erradicación da *vespa velutina* en colaboración coas deputacións, concellos e asociacións de apicultores de Galicia, e a dotación dunha partida económica para sufragar os gastos que conleve o plan e as sesións informativas necesarias para xerar coñecemento da poboación.”

MOCIÓN DOS GRUPOS DA MAREA ATLÁNTICA E COMPOSTELA ABERTA PARA SOLICITAR ÁS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS O SEU COMPROMISO ANTE A CRISE HUMANITARIA QUE ESTÁN PADECENDO ACTUALMENTE EN EUROPA AS/OS REFUXIADAS/OS.

Sr. Díaz Grandío

Bos días, os grupos provinciais, neste caso da Marea Atlántica e de Compostela Aberta, precisan esta moción.

Actualmente, Europa está vivindo un dos desprazamentos masivos máis importantes desde a Segunda Guerra Mundial, con milleiros de persoas escapando da guerra, da morte e da miseria. Só no país ao que facemos referencia, en Siria, a principios do 2015 a cifra de persoas refuxiadas que tiveron que fuxir do país era de máis de 4 millóns, namentres que outros 7,6 millóns tiveron que desprazarse a outros lugares dentro do propio país. En total, máis de 11 millóns de persoas, máis da metade da poboación de Siria, tiveron que abandonar os seus fogares.

A inmensa maioría destas persoas desprazáronse a cinco países veciños, os cales teñen totalmente colapsada a súa capacidade de acollida. Namentres, a comunidade internacional permanece impasible ante esta terrible traxedia humana. A reticencia

dos países ricos, e entre eles os membros da Unión Europea, e o noso propio país, ten que asumir unha maior responsabilidade económica respecto á crise de refuxiadas/os no seu conxunto, e as escasísimas ofertas de reasentamento, resulta vergoñenta e deplorable. Así, por exemplo, desde o comezo da crise de Siria ofrecéronse en todo o mundo preto de 80.000 prazas de reasentamento, o que equivale aproximadamente a un 20% da poboación siria refuxiada nos cinco países mencionados con anterioridade.

No caso de Europa, durante o ano pasado aproximadamente 600.000 persoas solicitaron asilo político e durante este ano máis de 2.300 persoas morreron no Mediterráneo intentando alcanzar as costas europeas. Ata o momento a Unión Europea permaneceu impasible e non adoptou ningunha decisión de urxencia para abordar esta situación, sen sequera incluso organizar unha misión específica de salvamento marítimo, ante tal traxedia. Esta mesma pasividade e crueldade coa que están actuando as institucións europeas caracterizan tamén ao Goberno español presidido por Mariano Rajoy, quen frivolamente vén de afirmar que España podería admitir algo máis de 2.000 persoas, cifra que resulta ridícula para un país de 40 millóns de habitantes. A oferta española de reasentamento só daría cobertura ao 0,33% das peticións efectuadas.

Desde a poboación afectada e desde as organizacións non gobernamentais implicadas nesta grave crise demándase urxentemente abrir corredores humanitarios, establecer asentamentos en condicións e axilizar os trámites administrativos e dar estatus de refuxiado a quen escape da guerra ou das persecucións políticas, étnicas ou relixiosas, e sobre todo resolver os conflitos bélicos que provocan estes desprazamentos masivos.

Desde a realidade máis próxima do municipalismo é posible artellar medidas directas e inmediatas para ofrecer un lugar de acollemento aos refuxiados e refuxiadas que logren asilo político e reasentarse no Estado español, así como instar ás institucións estatais e europeas a mudar a súa política internacional a este respecto.

Por todo o exposto, os grupos políticos provinciais da Marea Atlántica e Compostela Aberta propoñen ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1.-Instar ao Goberno central a que asuma as súas responsabilidades con urxencia na crise humanitaria que están vivindo as/os refuxiadas/os en Europa e na contorna do Mediterráneo e que promova, no marco das institucións democráticas europeas, un xiro nas políticas de asilo e de cooperación cos países empobrecidos do Mediterráneo.

2.-Instar ao Goberno español a romper co coñecido como Protocolo de Dublín.

3.-Instar á Xunta de Galicia a que asuma tamén as súas responsabilidades e participe facilitando os recursos e servizos necesarios para acollida temporal de persoas refuxiadas na nosa Comunidade Autónoma.

4.-(Isto é unha substitución que xa se deu a todos os portavoces neste caso), Iniciar contactos cos concellos da provincia, coas restantes deputacións provinciais, coa FEGAMP e coas Organizacións Non Governamentais con solvencia no traballo nesta

materia e con implantación en Galicia para impulsar a creación dunha rede galega de municipios de acollida, que permita recoller a iniciativa cidadá e darlle apoio e organización e ofrecer soporte técnico na medida das posibilidades.

5.-Impulsar no seo do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, do cal é socia a propia Deputación provincial, o establecemento de liñas de traballo e de axudas en colaboración cos concellos para facilitar o acollemento de refuxiados/as.

6.-Acadar un compromiso de mobilización e disposición de crédito orzamentario propio da Deputación da Coruña para establecer liñas de axuda a aqueles concellos da provincia que acollan a persoas refuxiadas reasentadas no seu territorio.

Sr. Dios Diz

Nós imos apoiar, obviamente, esta iniciativa conxunta, gustaríanos que o texto este, o que formulamos en substitución como proposta de declaración institucional, fose acordado por todos os partidos, por todos os Grupos, lamentablemente non foi posible, a nós parecíanos mesmo que a proposta de acordo que se presentou recollía perfectamente o espírito e o sentir da proposta inicial, e lamentablemente non podemos votala porque non foi acordada. Polo tanto, recollemos a orixinal, a propia, e imos votar a favor, loxicamente, pero lamentando que non sexa unha declaración unánime, por canto que a situación esixiría a unanimidade desta Corporación.

Sr. García Seoane

Ben, como dicía Manolo, sería bo que todos aprobáramos esta moción. Eu estando totalmente de acordo con moitos temas da moción, hai unha parte que non recolle a moción que son as causas, que son as causas de tanta desgraza e de tanta desventura. Eu fun defensor sempre dos dereitos humanos, e da solidariedade cos pobos que loitan en calquera parte do mundo, fun a vinte e nove países pobres, coa solidariedade, acheguei sempre o que puiden, desde o Concello de Oleiros e persoalmente, e polo tanto isto paréceme dramático.

Eu o que quería aquí en relación con este tema é dicir que estamos a falar dunha situación dramática, que provocaron os gobernos terroristas de Estados Unidos, Israel e diversos países da Unión Europea, entre eles, España. Unha situación baseada nun falso pretexto de democratizar e colonizar, con apoio de aliados internos, a países que dispoñían dunha riqueza incalculable en materias primas, especialmente petróleo e gas. Acórdense que cando se empezou o conflito de Siria, apoiábase desde os países europeos a estes que hoxe lles chaman terroristas, a EI, hoxe cambian de bando. Baixo a denominación de primaveras árabes entraron a saco armando a grupos afíns e utilizando, como sempre, desde que a historia se coñece, a relixión para rematar enfrontándose en cruentas guerras civís das que os que poden, como os que estamos vendo, foxen despavoridos. Hoxe países como Tunisia, Libia, Exipto, Iraq, Afganistán, Siria, Paquistán, Iemen, Sudán, Somalia, Chad e moitos máis, e tantos outros, están inmersos en terribles loitas internas mentres as súas riquezas son esquiladas polas multinacionais en servizo, ou paralelamente, cos gobernos terroristas de Occidente. Petróleo, gas, coltan, minerais preciosos, cómpranse a baixo prezo e trócanse por armas para que se sigan matando,

róuballes o que lles pertence para mellorar as nosas economías, cualificando de terroristas a todo aquel que discrepe das súas políticas asasinas.

Polo tanto, eu estaría de acordo con esta moción, se se recollera isto que vou dicir agora. Que a Deputación provincial denuncie ante o Tribunal da Haia aos criminais de guerra que provocaron estas situacións, que non son outros que os gobernos occidentais. Segundo, que estes gobernos culpables se fagan cargo, os gobernos, que non os cidadáns, os gobernos fáganse cargo da atención das persoas, con dignidade, das miles de persoas que están saíndo neste momento deses países, os gobernos, que non outros. Terceiro, que os concellos que queiran solidarizarse, que paréceme moi ben, e acoller a refuxiados, fágano a conta dos seus orzamentos, e non dos provinciais, porque así é solidario calquera, eu agora acollo 500 en Oleiros, e que mos pague a Deputación, así é solidario calquera, polo tanto, o que queira ser solidario, que o demostre cos seus fondos propios. E cuarto, que a Deputación Provincial da Coruña demande da Xunta de Galicia, copartícipe das políticas do Goberno do Estado, a utilización das instalacións da Universidade Laboral e que se fagan xestións ante Abanca, a que nós saneamos, para que poña o hotel adquirido estes días en Sada a disposición dos refuxiados. Nada máis.

Sr. Requeira Varela

As forzas políticas proponentes son as que teñen que aceptar ou rexeitar a emenda que acaba de verbalizarse. O BNG vai apoiar a moción, e vai apoiar a moción sabendo, e discrepando, de que se entenda que é o municipalismo quen ten que solucionar realmente as causas e o drama que está vivindo Siria, que tamén ten que solucionar por outra banda, ou temos a responsabilidade de solucionar, os países europeos. En todo caso, nós concordamos que necesitamos un debate pausado e responsable, como solicitaba o portavoz de Alternativa dos Veciños, sobre os porqués, xa non deste drama humanitario, senón dos anteriores e dos que, seguramente, e por desgraza, estarán por vir, e da responsabilidade das potencias mundiais nestes dramas humanitarios, e de por que a importancia xeopolítica ou de recursos dos países que sofren estas guerras e que ao final ocasionan estes dramas, teñen no fondo unha responsabilidade económica dos países desenvolvidos e das grandes potencias mundiais.

Nós xa, insistindo en que entendemos en que estas son cuestións de Estado, e que se deben de resolver desde quen ten competencias para resolvelos, cremos que neste momento puntual necesítase un esforzo de todas as administracións públicas, e polo tanto tamén desta, para acoller ás persoas que, sen ter ningunha responsabilidade no que se está sufrindo, necesitan acollida, necesitan refuxio e necesitan protección. Polo tanto, o voto do BNG vai ser favorable a que saia adiante esta moción.

Sr. Sacristán de Diego

Bos días. O Partido Socialista vai votar tamén a favor desta moción, independentemente das causas o de quen teña que resolver os problemas, dado que estamos ante unha situación caótica, que estamos a ver todos os días na prensa, nos medios de comunicación, televisión, radios, etc., por mor dunha fuxida de persoas, independentemente do país que sexa, como consecuencia da violencia que se desata

nestes países, e da guerra. É verdade que posiblemente habería que analizar as causas de por que se dá esta situación, pero cremos que excede ao ámbito dunha moción que se presenta na Deputación e cremos ademais que neste momento o que hai que facer é poñernos a disposición, digamos, da Xunta de Galicia, do Estado, para que poidamos resolver unha situación que coído que é dramática, e acheguemos os medios que economicamente sexa posible.

Temos creo que prepararnos fundamentalmente, hai que tratar con todas as entidades públicas, asociacións cidadás non gobernamentais, etc., temos que tratar de ver como vai ser a situación posterior a esta acollida, porque creo que o problema vai ser máis que de acoller, da situación que se vai presentar con posterioridade, ou sexa, que temos que tratar que estean coa maior dignidade posible, pensamos que non vai ser un momento puntual, senón que vai levar tempo e, polo tanto, os recursos que van ser necesarios, tanto de domicilios, como de formación, emprego, etc., se puidera ser o caso, hai que formulalo coa suficiente antelación para que realmente a súa estadía aquí sexa o mellor posible, ou nas mesmas condicións que calquera dos que puidéramos vivir neste país. Por iso, nesta situación de emerxencia cremos que a Deputación debe de apoiar estas iniciativas tendentes a dar acollida ás persoas que, finalmente, en coordinación co Estado, a Xunta, a FEGAMP, sexan asignadas.

Sr. Calvo Pouso

Moi bos días a todos, presidente, resto de deputados, compañeiros, compañeiras. Eu a verdade é que creo que, como se dicía antes, hai algúns asuntos que ben valía a pena chegar a unha declaración conxunta, e este probablemente sexa un deles. Tamén é certo que cando cada un dos nosos Grupos o que pretende é concretar cada vez máis unha declaración, probablemente ao facer iso esteámonos alonxando dunha zona común ou duns contidos comúns que todos podíamos compartir, e tamén me estraña que, no caso de Compostela Aberta, teñen asinado unha declaración institucional en Santiago por todos os Grupos e nós estamos totalmente de acordo coa declaración asinada no Concello de Santiago, con esa declaración institucional, se ben é certo que se empezamos a baixar nos sucesivos chanzos, podemos atopar diferenzas que non nos faga posible chegar a un acordo de declaración institucional.

Neste sentido, a min gustaríame dicir que, efectivamente, o noso Grupo comparte esa gran preocupación por esta emerxencia humanitaria que está a acontecer, compartimos parte das cousas que todos os voceiros dixeron aquí, e discrepamos de parte das cousas que os distintos voceiros dixeron aquí. En España coñecemos ben o problema, non é de agora, sufrímolos pola nosa fronteira sur dende hai anos, e non só España, senón todos os países do Mediterráneo. Pero non estamos de acordo na moción porque esta mesma semana reuniuse a Comisión Sectorial de Inmigración, no seo da Unión Europea o luns reuníronse os ministros de Interior de todos os países membros, hoxe no Consello de Ministros vanse aprobar axudas adicionais para as ONG que están asentadas en España e traballan con refuxiados, por un importe de 13 millóns de euros, segundo anunciaron onte, en Galicia ademais creouse un grupo de traballo, e é como se ten que facer, e fixeron referencia algún dos portavoces que están aquí, creouse un grupo de traballo entre a Xunta de Galicia, no que están presentes diferentes Consellerías e teñen as competencias, entre a FEGAMP que é a organización que agrupa os 314 concellos de

Galicia e as catro deputacións provinciais, e as ONG que teñen presenza en Galicia e que tratan con refuxiados. Polo tanto, anúnciase ese plan de acción e hoxe mesmo teñen a primeira reunión, e que é o que se trata?, de coordinar e de unificar recursos e de organizalos, porque isto do que non se trata, e o que non debemos de facer é, e a veces, lendo os medios de comunicación, dá a sensación de que hai unha nova carreira, unha carreira de saber que concello é máis solidario, e quen ten máis pavillóns baleiros, e esa non é a solución do asunto. Non se trata de se un concello pon un pavillón, outro concello do lado que poña dous pavillóns, e outro dos pavillóns e un baixo que ten baleiro, non, non se trata diso, o problema é bastante máis grave e hai que darlle solución doutras formas. En primeiro lugar porque integrar non é acoller, e hoxe aquí algúns voceiros falaban de acollemento, efectivamente, hai que acoller pero non se trata só de acoller, senón de integrar, por iso había ese debate estes días nos medios de comunicación acerca dos criterios que se utilizaron para que a Unión Europea determinara cales eran o número de refuxiados por cada país, e entre eles, o que defendía España era que se contemplara como criterio tamén o número de parados, por que?, porque non é o mesmo para un país que ten máis paro propiciar unha integración posterior, a un país que ten menos paro propiciar unha integración, polo tanto, debería ser un criterio que se utilizase nesa fórmula, non se utilizou, pero en definitiva isto vai moito máis alá, e hai que falar con máis tranquilidade.

En Galicia o que se está facendo é poñer a disposición, por parte de todos os concellos, a análise dos recursos que ten a Xunta, que teñen as deputacións, a Deputación da Coruña fixo un ofrecemento días atrás sobre os seus recursos, paréceme ben, e tamén distintos concellos que o fagan a través da FEGAMP, traballando xunto coas ONG en Galicia, que se faga un mapa de recursos dispoñibles, que se conte con todos os recursos, que se ordenen da mellor maneira posible, sempre asesorado pola xente que está afeita a traballar nestes asuntos, incluso porque así hai galegos e galegas que están dispostos a acoller, ou prestar algún servizo de voluntariado nestes casos, e tamén hai unha fórmula para poñer a disposición de quen ten que coordinar estes traballos, esas familias, eses galegos, esas galegas, que poden achegar unha vivenda, ou que poden achegar un acollemento ou simplemente un servizo de voluntariado. Polo tanto, esa é a maneira de traballar, e esa é a maneira que creo que todos estamos de acordo e todos coincidimos.

Polo tanto, nós non imos apoiar a moción tal cal se presenta, porque non compartimos parte da moción, pero este é o noso posicionamento respecto dela. E moito menos tampouco compartimos, aínda que lle corresponde aos Grupos proponentes fixar a súa posición con respecto á emenda que propoñía Alternativa dos Veciños, pois tampouco, aínda que se inclúa esa emenda, imos apoiar esta moción. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Dios Diz

Simplemente para matizar. Esta é unha declaración que presentamos conxuntamente Compostela Aberta e Marea Atlántica, polo tanto, non é a proposta de Santiago, é algo distinto, entre outras cousas porque é o resultado dun acordo previo, pero a min interésame destacar que a proposta que se someteu á consideración dos portavoces recollía plenamente o espírito desta declaración e facíao na convicción de

que era posible chegar a un acordo entre todos os Grupos, porque non formulaba cuestións, digamos, de relevo suficientes como para suscitar a oposición dos Grupos, e coincide plenamente coa declaración de Santiago, con outra redacción distinta.

Outro aspecto que me gustaría destacar é que é unha declaración que se propón ante unha situación de emerxencia, non é unha reflexión sobre as causas da guerra, ou as causas das guerras, que tamén poderíamos facelo, senón unha declaración de emerxencia ante unha situación de emerxencia, para buscar solucións entre todos, e sobre todo mostrar a solidariedade con esta situación que todos creo que compartimos que é dramática.

É importante non confundir o que son refuxiados con migrantes, ou con emigrantes, é moi distinto, probablemente este conflito implique posteriormente un problema de inmigración, e de integración, pero neste momento, agora, é un problema sobre todo de xente que reclama o cumprimento do artigo 14 e o artigo 15 da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, que é o dereito de asilo, foxen da guerra, e polo tanto o que hai que facilitar é precisamente a acollida e o asilo destas persoas, entre outras cousas aínda que tan só sexa por corresponder ao que fixeron con nós hai oitenta anos. Polo tanto, a min paréceme que iso é o principal, despois hai que ver como se acolle, que axudas lle temos que presentar e non se trata como se dicía, e eu coincido, en metelos en pavillóns, e telos durante unha tempada, eu creo que iso non o di a declaración, nin o formula. Nós felicitámonos de que o Goberno central e as institucións modificaran a súa posición inicial, claro que nos felicitamos, pero é obvio para calquera que observe a realidade, que o Goberno, e moitas institucións actuaron a remolque das demandas da sociedade civil. Nesta, como noutras ocasións, foi precisamente a sociedade civil a que deu unha mostra de exemplo de solidariedade, e como consecuencia diso o Goberno e as institucións tiveron que responder ampliando as súas concepcións iniciais.

Polo tanto, remato, nós sometemos a consideración esta declaración, agradecemos moi especialmente aos Grupos que manifestaron o seu apoio, e seguimos lamentando que non fose posible conseguir o acordo absoluto, o acordo por unanimidade, que daría unha imaxe moi diferente desta Corporación.

Sr. García Seoane

A emenda tiña catro puntos, se queren volvo lelos, senón non. Dicar en relación coas intervencións que houbo que o que eu comentei aquí non excede para nada a situación desta Deputación, é dicir, aquí pódense tratar estes temas que eu estiven a falar sen ningún temor a excedernos, nin ocupar aquelas áreas que lle pertencen a outros gobernos autonómicos ou da nación.

Situación de emerxencia que é lamentable, e Manolo eu sei que ti fuches toda a vida cooperante, loitador pola paz, e non teño dúbidas para nada de ti en nada, pero claro, emerxencia porque saíu unha foto cun neno nun periódico, entón a partir de aí todos nos humanizamos. Levan anos de guerra, escapando catro millóns había de sirios en Turquía e no Líbano e ninguén dicía nada, en campamentos infrahumanos, é dicir, sae unha foto e agora aquí todos somos a nivel internacional máis papistas que o Papa. Ata o Papa tamén intervéen neste aspecto, que por certo estao facendo moi ben, a pesar de que eu non son relixioso, nin católico, nin nada parecido.

Polo tanto, eu quixera aprobar esta moción, pero claro, o que estaba dicindo aquí, eu estaba disposto se é moi forte, a retirar o tema de denunciar ante A Haia, que xa o faremos outros por outros condutos, a estes criminais que provocaron esas guerras e estas desgrazas deses países, para roubalos, porque hai que dicir que o turismo que agora hai en España, que aumentou unha burrada, alguén se preguntou por que, porque non se pode ir a Exipto, porque non se pode ir a Tunisia, porque non se pode ir a ningún sitio, e por tanto teñen que ir aos que quedan, a Italia, a España, a Francia, etc., beneficiámonos dobremente das desgrazas desta xente. Eu estaría disposto a sacar ese punto, o dous non, que estes gobernos culpables se fagan cargo da atención con dignidade, das miles de persoas vítimas das políticas, se baixou o petróleo, pregúntense por que baixou, porque agora o venden tirado as distintas faccións que ocupan os países nas guerras civís, entón véndeno o máis barato posible porque teñen que financiar as guerras, e estámonos beneficiando indubidablemente todos os países que provocaron esta situación, entre eles, España. Polo tanto, esta non estaría disposta a retirala, e que os concellos que queiran solidarizarse, volvo dicilo, a Deputación é un ente, pero os concellos, eu fun solidario durante moitos anos, e a costa do Concello de Oleiros solucionáronse moitos problemas a moita xente no mundo, que cada Concello que queira ser solidario, que o faga, a min estes días paráronme un montón de persoas, Gelo, se hai que traer algunha persoa para a miña casa, avísame, ben, pois moi ben, pero o Concello, como tal, non pode estar a abordar un problema de Estado, este si que é un problema, Julio, Estado, un problema serísimo.

E despois o que digo abaixo, que a Deputación da Coruña demande da Xunta de Galicia, é copartípe nas actuacións do Goberno da nación, a utilización das instalacións, non estou dicindo nada raro. A Universidade Laboral, que ademais coñecedes algúns aquí moito mellor ca min, gran parte dela está infrautilizada e aí hai un sitio marabilloso para que os gobernos da nación, ou autonómicos, ou ata podía dicir provinciais, cooperen para que se faga unha acollida neste sitio. E dixen de Abanca, porque o edificio de Abanca, que comprou Abanca por un prezo irrisorio de trescentos e pico mil euros, que iso vale unha parcela en Oleiros, resulta que un edificio tremendo, que ten non sei cantas habitacións, ata o ano 50 vaino ter Abanca, que o comprou cos cartos de todos nós, que o poña a disposición, neste momento tan fastidiado, que o poña a disposición desas familias, porque alí si que está todo ben, habitacións, servizos, cociña, etc., etc., esa é unha forma de cooperar, e ademais nunca mellor dito, Abanca tiña unha maneira de lucirse ante todos os galegos cun tema de cooperación como este. Iso é o que digo.

Polo tanto, eu pediríalle, se se pode votar, se retiraría o primeiro, por se lles parece forte aos señores deputados, pero os tres outros manteríaos.

Sr. Dios Diz

Nós mantemos a nosa proposta de moción, en todo caso se se quere, que se vote a emenda, pero nós en principio non aceptamos a emenda porque desborda, de maneira moi ampla, o que se presenta. Se entráramos noutro tipo de moción, poderíamos, porque eu estou de acordo con moitas das cousas que está formulando Gelo, pero paréceme que non é o obxecto desta moción que se formula, dáme a min a impresión. Entón, non sei cal é a fórmula, se se vota primeiro a emenda, ou se nós

non a aceptamos...ben, pois entón votamos a emenda primeiro e despois votamos a moción.

Sr. Regueira Varela

Eu entendo que a emenda débena aceptar as forzas políticas propoñentes, non a temos que votar o resto das forzas, hai dúas forzas que propoñen unha moción na que nós estamos de acordo, e hai unha emenda a esa moción que debe aceptar, en todo caso, as dúas forzas que redactan a moción.

En todo caso, nós estando de acordo con moitas das cuestións que formula Alternativa dos Veciños, como xa dixemos na intervención, nós non temos ningún problema en que este debate sobre causas se repita, e se saque unha declaración, ou se saque un acordo desta administración pública sobre o que queiramos para o futuro, pero aquí o que nós entendemos é que estamos falando de salvar vidas neste momento oportuno, de persoas que escapan dunha morte segura nunha guerra, non nunha situación de pobreza, nin de inmigración, como moi ben dicía o portavoz de Compostela Aberta.

Nós entendemos, como se dixo aquí, que todas as administracións poden ser solidarias con este drama humanitario, e tamén entendemos que a administración na que estamos ten recursos, tanto en infraestruturas como en recursos económicos, para axudar nestes duros momentos. Se temos que falar doutras cousas eu comprometo a disposición do BNG a falar sobre causas e sobre temas que afrontar este tipo de cuestións no futuro, pero nestes momentos entendemos que se trata de votar o que se di textualmente na moción, poñer os recursos que poida a Deputación para acollida das persoas que escapan desta guerra, e que teñen en perigo a súa vida, e de instar, como ben dicía o portavoz de Alternativa dos Veciños, ás administracións realmente competentes nestes asuntos a que se poñan solucións, non xa para este drama humanitario, senón para que os vai haber no futuro, que seguramente, por desgrazas, vai haber.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (8 do PSOE, 5 do BNG, 3 de Marea Atlántica e 1 de Compostela Aberta).

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 14 deputados (13 do PP e 1 de Alternativa dos Veciños)

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica e Compostela Aberta e a abstención do PP e Alternativa dos Veciños, aproba a seguinte moción:

“MOCIÓN DOS GRUPOS DA MAREA ATLÁNTICA E COMPOSTELA ABERTA PARA SOLICITAR ÁS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS O SEU COMPROMISO ANTE A CRISE HUMANITARIA QUE ESTÁN PADECENDO ACTUALMENTE EN EUROPA AS/OS REFUXIADAS/OS.

Actualmente, Europa está vivindo un dos desprazamentos masivos máis importantes desde a Segunda Guerra Mundial, con milleiros de persoas escapando da guerra, da

morte e da miseria. Só en Siria, segundo datos de Amnistía Internacional, a principios do 2015 a cifra de persoas refuxiadas que tiveron que fuxir do país era aproximadamente de 4 millóns, namentres que outros 7,6 millóns tiveron que desprazarse a outros lugares dentro da propia Siria. En total, arredor de 11,6 millóns de persoas, máis da metade da poboación de Siria, tiveron que abandonar os seus fogares.

A inmensa maioría destas persoas refuxiadas (o 95%) desprazáronse a cinco países veciños: Líbano, Xordania, Turquía, Iraq e Exipto, os cales teñen totalmente colapsada a súa capacidade de acollida. Namentres, a comunidade internacional permanece impasible ante esta terrible traxedia humana. A reticencia dos países ricos, e entre eles os membros da Unión Europea, a asumir unha maior responsabilidade económica respecto á crise de refuxiadas/os no seu conxunto, e as escasísimas ofertas de reasentamento, resulta vergoñenta e deplorable. Así, por exemplo, desde o comezo da crise de Siria ofrecéronse en todo o mundo 79.180 prazas de reasentamento, o que equivale aproximadamente a un 20% da poboación siria refuxiada nos cinco países mencionados anteriormente.

No caso de Europa, durante o ano 2014 aproximadamente 600.000 persoas solicitaron asilo político e durante este ano máis de 2.300 persoas morreron no Mediterráneo intentando alcanzar as costas europeas. Ata o momento a Unión Europea permaneceu impasible e non adoptou ningunha decisión urxente para abordar esta situación, sen sequera incluso organizar unha misión específica de salvamento marítimo, tal e como ten solicitado en repetidas ocasións a Axencia da ONU para os/as refuxiados/as (ACNUR). Esta mesma pasividade e crueldade coa que están actuando as institucións europeas caracterizan tamén ao Goberno español presidido por Mariano Rajoy, quen frivolamente vén de afirmar que España podería admitir algo máis de 2.000 persoas, cifra que resulta ridícula para un país de aproximadamente 40 millóns de habitantes. A oferta española de reasentamento só daría cobertura ao 0,33% das peticións efectuadas.

Desde a poboación afectada e desde as organizacións non gobernamentais implicadas nesta grave crise demándase urxentemente abrir corredores humanitarios, establecer asentamentos en condicións, axilizar os trámites administrativos e dar estatus de refuxiado a quen escape da guerra ou das persecucións políticas, étnicas ou relixiosas, e sobre todo resolver os conflitos bélicos que provocan estes desprazamentos masivos.

Desde a realidade máis próxima do municipalismo é posible artellar medidas directas e inmediatas para ofrecer un lugar de acollemento aos refuxiadas/os que logren asilo político e reasentamento no Estado español, así como instar ás institucións estatais e europeas a mudar a súa política internacional a este respecto.

Por todo o exposto, os grupos políticos provinciais da Marea Atlántica e Compostela Aberta propoñen ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

1.-Instar ao Goberno central a que asuma as súas responsabilidades con urxencia na crise humanitaria que están vivindo as/os refuxiadas/os en Europa e na contorna do Mediterráneo e que promova, no marco das institucións democráticas europeas, un xiro nas políticas de asilo e de cooperación cos países empobrecidos do Mediterráneo.

2.-Instar ao Goberno español a romper co coñecido como Protocolo de Dublín.

3.-Instar á Xunta de Galicia a que asuma tamén as súas responsabilidades e participe facilitando os recursos e servizos necesarios para acollida temporal de persoas refuxiadas na Comunidade Autónoma de Galicia.

4.-Iniciar contactos cos concellos da provincia, coas restantes deputacións provinciais, coa FEGAMP e coas Organizacións Non Governamentais con solvencia no traballo nesta materia e con implantación en Galicia para impulsar a creación dunha rede galega de municipios de acollida, que permita recoller a iniciativa cidadá e darlle apoio e organización e ofrecer soporte técnico na medida das posibilidades.

5.-Impulsar no seo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, do cal é socia a Deputación Provincial, o establecemento de liñas de traballo e de axudas en colaboración cos concellos para facilitar o acollemento de refuxiados/as.

6.-Acadar un compromiso de mobilización e disposición de créditos orzamentarios propios da Deputación da Coruña para establecer liñas de axuda a aqueles concellos da provincia que acollan persoas refuxiadas reasentadas no seu territorio.”

Sr. Presidente

Hai dúas mocións fóra da orde do día presentadas polo Grupo de Goberno.

Sra. Sanmartín Rei

Son dúas mocións, unha primeira é sobre o sector lácteo, e polo tanto pensamos que, tendo en conta a dramática situación que se está vivindo e as mobilizacións que está habendo no conxunto do país, é máis que urxente poder tomar en consideración esta moción. Non sei se primeiro facemos a votación sobre a urxencia, e logo despois a defensa.

Vótase a urxencia da moción, que é aprobada por unanimidade.

Sra. Sanmartín Rei

Como comentaba, existen desde hai xa semanas importantes mobilizacións do colectivo de gandeiras e gandeiros, ante unha situación absolutamente dramática, unha situación que está levando a pechar explotacións día a día, e que está ademais

a causar un problema importantísimo no mundo rural. Quero xustamente centrar unha parte da defensa desta moción de urxencia en defensa do sector lácteo nesta cuestión, porque a institución na que nos encontramos ten como unha das súas finalidades conseguir, xustamente, que exista unha igualdade de prestación de servizos entre veciños e veciñas independentemente do lugar no que residan, máis claro, para que iso poida ser real, ten que haber veciños e veciñas, e realmente co paso que levamos, coa situación dramática e o que significa como columna vertebral da economía deste país o sector lácteo, isto pode significar que finalmente acabe o noso país sendo unicamente as cidades e logo todo o resto un hermo. Por tanto, entendo que a Deputación ten que implicarse, ten que implicarse nunha cuestión que, eu tamén particularmente si que me congratulo de que haxa algúns gobernantes que entendan onde tamén hai que facer e que apelar a chamamentos individuais, algo que as asociacións ambientais hai tempo que entenderon, que é a compra, é un acto político, e por tanto que o que nós fagamos decidindo apostar, desde o punto de vista do consumo, polo leite galego é relevante, máis iso non pode significar que os gobernos e as administracións deixen de lado a súa responsabilidade, esas responsabilidades colectivas para pór todo da súa man para chegar a acordos que sexan dignos, que garantan fundamentalmente que se recolla todo o leite que se produce nas explotacións galegas e ademais que se garanta a percepción dun prezo do leite xusto, que cubra os gastos da produción, algo que sabemos que non se está a garantir nestes momentos, e temos por tanto a obriga de traballar e de instar aos gobernos e ás administracións a que interveñan nesta situación.

(Abandona o salón o Sr. García García).

Nese sentido, despois dunha explicación de motivos, que eu penso, que todos os deputados e deputadas que estamos aquí coñecemos de maneira perfecta, tendo en conta, xa digo, estas mobilizacións das últimas semanas, o que facemos é dar lugar logo a unha serie de compromisos, de compromisos firmes tamén con todas esta mobilizacións, para garantir os prezos en orixe xustos, máis tamén de instar, tanto ao Goberno galego como ao Goberno do Estado español, para que fagan todo o preciso para que isto sexa así.

Desde esta perspectiva hai un erro, un pequeno erro na redacción final dos acordos, nos apartados 3, 4 e 5, onde se di, o 3 empeza ben, Instar ao Goberno galego a que garanta a percepción dun prezo do leite en orixe xusto, e que cubra os gastos da produción, o mesmo, instar ao Goberno galego, ten que aparecer no catro e no cinco, é instar ao Goberno galego a crear un instrumento interprofesional de negociación e decisión coa participación do sector produtor, onde actúe a administración como mediadora dos acordos e que vele polo seu cumprimento, instar tamén ao Goberno galego a establecer neste ámbito os criterios e os indicadores sobre os que debe construírse a cadea do valor do leite e, por tanto, o prezo a percibir que non pode ser en ningún caso inferior ao da produción.

Insisto que os acordos que aparecen aquí, nós pensamos que non pode haber nestes momentos, despois de todo o que leva chovido, despois de todas as explotacións leiteiras que levan pechadas nos últimos tempos, o que non podemos é facer unha simple exposición de motivos que logo non teña ningún tipo de consecuencias, pensamos que o compromiso desta institución ten que ir a moito máis, e que non pode pasar por menos que instar absolutamente a todas as

administracións e os gobernos a que fagan o posible e o imposible por garantir eses prezos en orixe xustos. Esa é xustamente pensamos que o labor que nos toca e por iso instamos aos grupos políticos a que tomen en consideración esa moción, a que a aproben e, finalmente, realmente para min é unha mágoa enorme e para o Goberno no seu conxunto, non sermos capaces de conseguir unanimidade, e que esta moción, que é absolutamente vital este tipo de declaracións para o sector de gandeiras e gandeiros galegos, que non fose finalmente unha declaración institucional aprobada unánimemente por esta Cámara porque pensamos que o obxecto ben que o merece e que ademais isto é absolutamente, xa digo, un sector vital e estratéxico para o futuro de moitos pequenos concellos que esta institución ten o deber de potenciar e de apoiar.

Sr. Dios Diz

Desde Compostela Aberta obviamente imos apoiar esta iniciativa porque estamos comprometidos co sector lácteo a pesar das dificultades que nos está creando en Santiago de Compostela, onde estivemos na manifestación do sector lácteo galego, dos gandeiros e, polo tanto, nós compartimos a análise que se fai na proposta da moción, e hai coincidencia plena na parte resolutiva e na parte da exposición de motivos, polo tanto imos votar a favor.

Sr. Díaz Grandío

O Grupo Provincial da Marea Atlántica manifesta o seu soporte íntegro ao texto desta moción e anuncia o seu voto positivo.

Sr. Caínzos Vázquez

Bos días a todos. Dikir que, e de todos é coñecido, que nestes momentos e a estas horas que se está a celebrar nas dependencias da Xunta de Galicia unha xuntanza entre os representantes do Goberno galego, neste caso presidindo esta xuntanza, o presidente da Xunta de Galicia, e os representantes dos gandeiros e da Mesa en defensa do sector lácteo, en busca desas propostas e esas solucións inmediatas ao sector lácteo galego. Como todos vostedes coñecen, e desde o Grupo Popular valoramos positivamente o principio do acordo acadado onte entre os distintos axentes que integran o sector lácteo, acordo que a favor de solucionar un problema estrutural de baixada dos prezos, sentar as bases para que este tipo de problemas non se produzan de forma cíclica, que é reiteradamente ao longo de todos estes últimos anos vén sucedendo, e ao mesmo tempo desde o Grupo Popular é fundamental que os representantes galegos dos gandeiros, da industria e da distribución aproveiten estes próximos días para pulir os aspectos esenciais que sexan necesarios para que o acordo sexa de viabilidade, sostible e de futuro para todo o sector.

Un principio de acordo entre a distribución e a industria e os representantes dos produtores lácteos, que ten que servir para que as distintas propostas e iniciativas que parten e que están trasladando os gandeiros, basicamente e as distintas organizacións sindicais, convenzan a todos os gandeiros e sexan o paso fundamental para que a industria e a distribución poidan concretar e fixar o acordo marco definitivo para resolver o problema estrutural que agora mesmo se está sufrindo.

De todos é coñecido os últimos días e as mobilizacións que están desenvolvendo todos os sectores, moitos de nós estivemos apoiando os gandeiros, coñecemos de cerca o problema e vivímolos día a día, pero eu creo que a Deputación da Coruña debe ir máis alá. Buscar a finalidade da igualdade por parte do Goberno da Deputación da Coruña para conseguir esa igualdade con medidas claras de apoio ao sector non é traer unha moción de declaracións, non é aprobar mocións que é reiterar medidas que xa teñen coñecemento as distintas administracións e os distintos organismos, nos cales teñen que apoiar, consensuar, seguir, vixiar e regular esas medidas, senón que é tomar e dar resposta ao que nos piden os gandeiros, e os gandeiros pídenos solucións, e esas solucións compételle e débelle de dar, como non, a Deputación da Coruña entre outras administracións entre os distintos sectores.

A unidade conséguese falando con tempo, facendo propostas coherentes, facendo suxestións e poñendo sobre a mesa en tempo e forma iniciativas que dean resposta inmediata, e non adoptar acordos ou propostas para suxerir, instar e reiterar sucesivamente o que ano tras ano está a sufrir o sector agrogandeiro e os gandeiros están sufrindo e as súas familias. Ou sexa, que a unanimidade conséguese con medidas claras e concretas.

Eu estou seguro que todos os deputados aquí presentes apoiamos ao sector gandeiro, non teño ningunha dúbida, e todos queremos que teñan uns prezos xustos e uns prezos sostibles para que o futuro do interior da provincia da Coruña e do sector agrogandeiro permaneza, creza, se desenvolva e sexa sostible, iso non teño ningunha dúbida de ningún dos deputados aquí presentes, e dalgúns persoalmente así o falamos e así o trasladan.

Por iso entendemos que a situación difícil que está a soportar o sector agrogandeiro require do esforzo de todas as partes, un compromiso de traballo, de feitos, defender a unidade e que as organizacións sindicais e agrarias aparquen as súas diferenzas, apoiem aos gandeiros e o sector, e se faga esa unidade de forza de todos para facelo máis forte de cara á situación difícil que están a soportar e os demais sectores implicados entendan esa mensaxe e adopten as medidas necesarias para corrixilo de forma inmediata.

Que as administracións tamén apoiem, neste caso, desde o Grupo Popular, faremos unha proposta clara, concreta, e sen ningún tipo de dúbida para que teña un carácter inmediato a este problema que están a soportar os nosos gandeiros. Esa proposta non é outra máis que se poñan en marcha axudas que apoiem ao sector gandeiro, unha proposta que se debe de habilitar a partida presupostaria necesaria desde a Deputación para realizar unha campaña de promoción e apoio ao consumo de leite galego en colaboración cos 93 concellos da provincia da Coruña e en colaboración coa Xunta de Galicia para que, nesta campaña de consumo, o leite que se consuma na nosa comunidade, sexa integramente ou maioritariamente do que se produce en Galicia. Todos sabemos que en Galicia se produce o 40% do leite que se produce no Estado, e só consumimos o 8%. Por iso, creo que a mellor resposta e o que nos están pedindo, onte mesmo, ata altas horas da noite estivemos alí con moitos gandeiros, e puidemos comprobar in situ a división que hai e a falta de confianza que están a ter, non só dos políticos, senón tamén dos sindicatos agrarios, o que nos piden é unidade, solidariedade, apoio, que evitemos estes debates e estas liortas, que

non nos levan a ningunha parte, estas mocións que non dan resposta a nada, que se mandan ás distintas administracións e organismos, e que non é máis que papel para telo aí un enriba doutro, e que non soluciona o problema, estannos a pedir estas medidas, e esa división que onte se vía e que nos din respostas inmediatas, é a que desde o Grupo Popular lle trasladamos aquí ao Pleno da Corporación provincial para que habilite esas partidas presupostarias necesarias, en colaboración con cada un dos concellos da provincia da Coruña, e xuntando esforzos todos os Grupos políticos, se poña en marcha esa campaña e de resposta inmediata de cara ao sector.

Co cal esa é a nosa proposta con base na moción que presente o equipo de Goberno da Deputación da Coruña.

Sra. Sanmartín Rei

A verdade é que a falta de tempo para realmente actuar foi a falta de tempo dos últimos anos do Goberno galego, da Administración do Estado, para garantir desde os momentos o prezo, xustamente, xusto do leite, é a verdade un pouco, non sei se dicir xa que dramática tamén esta exposición que se fai por parte do Partido Popular respecto de que nós podemos xustamente facelo a través de axudas ou de habilitar partidas orzamentarias. Neste caso aquí vou coincidir co que falamos antes, hai que ir ás causas, onde estás as causas orixinais e que podemos facer.

Eu xa fixen unha previsión na miña intervención inicial ao respecto deste tema do consumo, que xa vexo que é o que se está pondo agora, como se isto fose unha cuestión que puidésemos resolver de maneira individual, por suposto, insisto, que eu felicítome de todos os chamamentos que haxa para que se consuma leite galego, máis hai unha responsabilidade das administracións, e hai unhas responsabilidades dos gobernos para non chegarmos a esta situación actual, unha situación que non se soluciona, aínda que iso, por suposto, ás veces poida ser unha axuda complementaria, con habilitar partidas orzamentarias, facer axudas deste tipo, senón que se soluciona xustamente con intentar negociar e negociar, e pór uns prezos que nunca poden ser inferiores aos da produción, este é o elemento fundamental que polo menos eu, que tamén estiven na manifestación, como outras persoas presentes aquí na sala, sabemos que era o que querían. O que queren non son esmolas, o que queren non é algo que sexa para un día, senón que o queren é garantir estruturalmente que poidan vivir xustamente do que producen, ese é o elemento fundamental e é o elemento que o Goberno galego non leva facendo e o elemento que se está deixando atrás unha vez e outra vez.

Entón, claro, oxalá non tivéssemos que estar aquí, eu niso é no único que estou de acordo coa intervención do Partido Popular, oxalá que non tivéssemos que estar aquí instando ao Goberno a nada, porque o Goberno xa actuase en consecuencia que é o responsable no seu debido tempo, pero temos que facelo xustamente porque non o fai, e porque é unha demostración de que unha institución está nunha liña absolutamente distinta que se corresponde, independentemente dos problemas que poida haber a nivel de unidade sindical, que non nos corresponde a nós aquí dilucidar, independentemente diso, iso é que creo eu que queren, non só os gandeiros e as gandeiras, senón todos os veciños e as veciñas dos concellos que dependen deste sector, como depende a economía do conxunto da Coruña, como depende a economía tamén do conxunto do noso país.

Por tanto, a nós parécenos que é absolutamente adecuado e conveniente, e pertinente nestes momentos facer unha declaración deste tipo, non é unha declaración que sexa, para nada, como se di un brinde ao sol, senón que é unha materialización daquelas cuestións que os gandeiros e as gandeiras viñeron reclamando, porque nestes momentos non existe ese acordo, oxalá exista, eu espero, son optimista en que se produza, máis nestes momentos, nesas reunións, non hai ningunha materialización de ningún acordo nestes momentos e eu o que sei, polo menos, é que os gandeiros e as gandeiras continúan as súas mobilizacións, nestes momentos xa é certo que abandonando algunha cidade onde están de referencia, máis indo xustamente a protestar diante das industrias lácteas, e o Goberno galego, a Administración galega, ten aí un papel fundamental, igual que o Goberno do Estado, para solucionar, polo tanto, mantemos esta moción.

Sr. García Seoane

Antes non intervíñ porque entendín que estábamos todos de acordo aquí no que dicía a moción, os que nunca van estar de acordo son as multinacionais cos produtores, as multinacionais chegan a iso a custa de roubar aos produtores, de atracar aos produtores en calquera parte do mundo. Por tanto, nunca van estar de acordo o que escraviza cos escravos.

Os labregos, os galegos, lamentablemente fóronos educando a moitos deles, a outros non, dunha forma de vivir a custa das dádivas, esa non é a solución para este grave problema que hai, polo tanto como houbo dádivas, hai desunión, uns os dos que recibían dádivas, e a ver se me cae outra por aí, non me vou portar moi mal con aqueles, enfróntome aos outros, non estou co sindicato, estou co sindicato B, co A, co C, porque polo medio están eses intereses ocultos dalgúns, que non dos labregos honrados que traballan para levar a diante a súa facenda aquí en Galicia e apuntalar no noso territorio galego as familias que tanta falta fai para que non haxa ese éxodo desde as vilas galegas ás cidades. Por tanto, vir aquí cunha proposta para darlles dádivas, é volver a comprar, claro, por riba están unhas eleccións aí ao lado. Eu creo que a solución dos labregos, e dos que cremos en Galicia, e dos que loitamos para que este país sexa un país respectado, solución é batalla campal.

Sr. Caínzos Vázquez

Sr. Gelo, eu defendo moitas iniciativas súas, ben o sabe, pero creo que falando, entendendo e debatendo, podemos evitar a batalla campal e pódese consensuar, creo que é posible iso.

Eu quería recordar á portavoz provincial que desde o Grupo Popular estamos e estivemos e estaremos sempre a disposición a coa vontade de adoptar acordos institucionais, con propostas anticipadas e con tempo e forma, estudadas e analizadas, neste campo e en calquera outro, non temos ningunha dúbida en facelo, nin nos vai tremer a man á hora de levantar a man e apoiar as súas propostas, pero con cousas claras, concretas e que apoiem aos sectores debidamente, por unha razón, porque vostede pertence a un Grupo político do BNG onde en distintos concellos da provincia da Coruña fixeron propostas e mocións, e que se aprobaron por unanimidade, e tiveron o respaldo e o apoio de representantes do Partido Popular

en distintos concellos, que vostede é coñecedora e que tiñan unha redacción e uns puntos de acordo que defendían o interese xeral de cada sector, e non vou recordalos eu porque todos os coñecemos e todos saben a cales me refiro.

Volvo reiterar o mesmo, e rematarei con el, os gandeiros, e dixérono en Lugo onte e en Santiago, e dixérono ás doce da noite, non queren papeis, non queren mocións, queren solucións, e non facemos nada en estar dando voltas e estar debatendo e perdendo o tempo en cousas se non lles damos solucións, é o que nos están a pedir. E mire, ao longo dos últimos anos de democracia houbo distintos gobernos neste país, de distintas cores políticas e na comunidade autónoma o mesmo. Eu, como moitos dos galegos, son fillo dun labrego, alá polo ano 90 sabía o que era muxir ás vacas e atender unha explotación agrícola como os meus pais. Ninguén nos vai ensinar, porque eu vivino, e non teño problema en recoñecelo, ao contrario síntome orgulloso diso, pero desde aquela, e ata a data desgraciadamente, o sector do campo e o sector leiteiro está a sufrir en distintos anos, en distintas etapas e épocas, estas duras crises da baixada dos prezos do leite. Xa pasou alá por finais do 89, no ano 90 que houbo unha tractorada famosa que todos coñecemos, e se os gandeiros, que é un colectivo moi pacífico, e saen á rúa a reivindicar e a demandar a súa situación, é que a situación é máis que crítica, e por iso, e con distintos gobernos e distintos partidos políticos, sempre tiveron que afrontar esta situación difícil e dura que non se deu conseguido un acordo e unha base estrutural para que non houbera estes vaivéns nos prezos do leite que hai cada certos anos. Por iso o que se busca agora son dúas cousas, primeiro a unidade, a unidade que están a pedirnos os gandeiros, que os políticos en vez de estar en liortas entre nós, esquecéndonos moito do noso ego persoal e das nosas iniciativas como partidos políticos, nos unamos, os apoiemos, os arroupemos e lles axudemos a buscar unha solución para que teñan un prezo xusto e razoable pola venda do seu leite, por iso esa unidade débese plasmar en acordos que contribúan a dar solucións, non a facer propaganda ou a facer titulares de prensa, hai que dar resposta ás necesidades con medidas que redunde na mellora da economía dos nosos labregos.

E por iso, tamén volvo reiterar, e non quero ser pesado, que nós, a nosa proposta, nesta moción o Grupo Popular absterase e defende a exposición que acabo de facer, e non ser reiterativo nin pesado, volve a recordar, pedímoslle a todos unidade, medidas concretas, solucións. E o mesmo que está a facer o Goberno do Estado, que levou unha proposta a Bruxelas, e que parte desa proposta que trasladou a ministra en Bruxelas partiron iniciativas desde a Comunidade Autónoma, que se lle suxestionaron para incorporala nese paquete de medidas, e que xa Europa as aceptou, estamos seguros e confiados que o Goberno galego está traballando arreo, e esta mañá, como recordei antes, está traballando arreo para darlle resposta a todas esas demandas e apoiar con esas reivindicación e esas demandas ao Ministerio para que ante Europa defenda ese acordo que pode ser fundamental para que permaneza e resolva o grave problema que están a sufrir os nosos gandeiros.

Co cal a nosa proposta vai ser clara, apoio ao sector, na moción entendemos que o contido desta non se adecúa, nin se axeita ás necesidades que nos requiren e que nos veñen demandar os gandeiros, e reivindicamos novamente o que expuxen ao longo da miña intervención. Grazas.

Sra. Sanmartín Rei

Eu agradezo finalmente o apoio dos diferentes Grupos agás o Partido Popular a esta moción, volvo a sentir e volvo a manifestar que é unha mágoa que non sexa por unanimidade, e fágoo agora, unha vez que escoito novamente ao portavoz do PP porque non se entende que cuestións moi similares, votadas no seu concello e co seu apoio, aquí resulta que non se apoien, xa que el fai referencia, eu sei perfectamente que no concello onde el está houbo unha votación a favor dunha moción, na liña xustamente, porque xa digo, que o criterio fundamental é que se solucione o problema do prezo, e como na liña, nun concello si que se aproba e aquí resulta que se decide a abstención. Eu faría un último chamamento a importancia que ten a unanimidade neste caso.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (7 do PSOE, 5 do BNG, 3 de Marea Atlántica, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 14 deputados (13 do PP e 1 do PSOE- por ausentarse na deliberación do asunto e non estar presente no momento da votación –art. 74.1 do Regulamento orgánico).

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, aproba a seguinte moción:

“MOCIÓN DE APOIO ÁS REIVINDICACIÓNS DAS GANDEIRAS E GANDEIROS GALEGOS

Milleiros de familias viven de xeito directo ou indirecto da produción de leite en Galiza, sendo en moitas comarcas un sector estratéxico tanto a nivel de emprego como desde o punto de vista económico, social ou de xestión do territorio.

A situación do sector lácteo en Galiza pódese cualificar de dramática. Após o inicio desta campaña, a primeira logo da desaparición das cotas lácteas e en que a produción fica totalmente liberalizada, a situación en Galiza estase volvendo absolutamente insostíbel para as explotacións, ameazadas con deixar de recollerlles o leite, prezos ruinosos e imposición de contratos de condicións abusivas por parte da distribución, que continúa a empregalo como produto reclamo.

A ausencia de adopción de medidas e de decisións políticas por parte dos gobernos competentes nas materias para preparar ao sector para poder competir neste novo escenario está provocando consecuencias desastrosas.

Cómpre ter en conta que as administracións públicas realizaron investimentos de fondos públicos cuantiosos nas concentracións parcelarias, co obxectivo de organizar as estruturas agrarias para lograr explotacións máis viábeis, desenvolver o potencial das áreas rurais e dinamizar estes espazos desde unha perspectiva que incorporase aspectos sociais e económicos, para mellorar a produtividade.

Levamos varios meses de caídas continuadas dos prezos en orixe que obrigan as explotacións a venderen o seu produto por debaixo dos custos de produción e afrontando importantes perdas. A sinatura de máis de 3000 contratos con prezos entre os 18 e 22 céntimos por litro arruína gandeiras e gandeiros a curto prazo e ameaza con desequilibrar toda a cadea de valor. Esta situación deriva da nula capacidade de negociación para os e as gandeiras que se ven sometidas aos ditados das grandes multinacionais da industria que, como xa denunciou mesmo o Tribunal da Competencia, estableceron un complot para provocar esa baixada de prezos, sen que o Goberno mova un dedo para defender o sector ou protexelo ante esa situación.

Coa liberalización do sector, na práctica as industrias son as que establecen agora as novas cotas á produción, deixando totalmente desvalido o sector produtor. Así, mentres no resto do Estado español e da Unión Europea se está a incrementar a produción, en Galiza estanse establecendo mecanismos de restrición. As industrias son as que determinan, canto, cando e onde se pode producir leite. Esta dinámica vese ademais reforzada pola falta de acción e intervención dos gobernos galego e estatal, que fican impasíbeis a pesar da gravidade da situación que pode condicionar non só o presente do sector, senón o seu futuro e viabilidade a longo prazo.

As consecuencias máis graves deste feito comezáronse a percibir de forma máis estendida nos últimos días. Tanto algunha industria como algúns primeiros compradores deciden unilateralmente, sen previo aviso e incumprindo os contratos asinados, que deixan leite sen recoller nas explotacións. Isto provoca, obviamente, unha situación terrible por se tratar dun produto perecedeiro que está obrigando, en moitos casos a tirar o leite, xa que existen mesmo dificultades para atopar quen llelo recolla case que “regalado”.

Desde hai máis dun mes, tanto a nivel galego como nas comarcas máis importantes de Galiza, as gandeiras e os gandeiros véñense manifestando de forma moi importante para esixir das administracións competentes unha rápida intervención que lidere propostas a nivel estatal e europeo, sen que ata o de agora sexan escoitadas. De se manter esta situación durante máis días pode acabar por ser irreversible para moitas explotacións que, en moitos casos, levan meses botando man dos aforros para poderen manter a produción neste contexto de prezos.

O sector lácteo é a columna vertebral da economía rural, mesmo da persistencia de vida no rural en moitas comarcas. Non podemos consentir que peche nin unha explotación máis. Non podemos seguir agardando, vendo como se esfarela un sector punteiro e viábel, sen que se tomen decisións urxentes para atallar a situación.

Por estes motivos, o Pleno da Deputación da Coruña

ACORDA

1. A Deputación da Coruña comprométese firmemente coa defensa do sector lácteo, co dereito a producir dos e das gandeiras e coa garantía de prezos en orixe xustos, para o cal adoptará posicións e demandas públicas contundentes na consecución destes obxectivos, situándose do lado do sector produtor asumindo as súas demandas nesta crítica situación.

2. Instar ao Goberno galego e ao Goberno do Estado a fin de que, a través de todos os mecanismos de que dispoñan, apremen ás industrias e aos primeiros compradores a garantir a recollida de todo o leite que se produza nas explotacións galegas.
3. Instar ao Goberno galego a que garanta a percepción dun prezo do leite en orixe xusto e que cubra os gastos de produción.
4. Instar ao Goberno galego a crear un instrumento interprofesional de negociación e decisión coa participación do sector produtor, industria e distribución, actuando a administración como mediadora e catalizadora de acordos e velando polo cumprimento destes.
5. Instar ao Goberno galego a establecer, nese ámbito, os criterios e indicadores sobre os que debe construírse a cadea de valor do leite e, por tanto, o prezo a percibir polos produtores e produtoras que, en ningún caso, poderá ser inferior ao de produción, vixiando e sancionando os contratos lixo, de modo que se consideren nulos e se logre o compromiso coa industria que opera no Estado para recolocar ese leite no mercado, así como os mecanismos para garantir a recollida da produción.
6. Reclamar a modificación do Real decreto 125/2015 coa finalidade de introducir mecanismos que garantan a posibilidade real de negociación entre produtores e industrias das condicións contractuais; mecanismos de garantía de recollida de produción, así como do volume e marxe de tolerancia, así como de instrumentos de mediación e vixilancia de cumprimento das condicións de negociación e cumprimentos contractuais.
7. Urxir ao Goberno galego a que realice unha campaña de inspección no ámbito das súas competencias, e instar ao Estado español que faga o propio no ámbito das súas, para evitar nas grandes áreas de distribución a banalización do leite e dos produtos lácteos, e a súa utilización como elemento de reclamo mediante a súa venda a perdas.
- 8.- Reclamar das administracións competentes a elaboración dun Plano Estratégico para o sector lácteo galego.”

Sra. Sanmartín Rei

A segunda moción que presentamos é unha moción sobre a non colaboración con touradas e espectáculos e actividades relacionadas co maltrato animal, pensamos que é preciso que a Deputación da Coruña se manifeste a este respecto, porque así ademais nolo fixo saber o movemento asociativo, que tiñan interese de que este debate chegase tamén a esta Corporación, e por tanto pedimos un voto favorable para que se tome en consideración como unha moción de urxencia.

Vótase a urxencia

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (7 do PSOE, 5 do BNG, 3 de Marea Atlántica, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 13 deputados (PP)

Sra. Sanmartín Rei

O sentido da moción é de deixar claro que a Deputación da Coruña é unha institución contraria ao maltrato animal e que, polo tanto, non vai colaborar co uso de fondos para promover nin touradas, nin actividades relacionadas co maltrato animal. Como ben sabemos, a sociedade galega de xeito moi maioritario ten xa mostrado o seu rexeitamento á celebración de touradas, de espectáculos que teñen escasa tradición no noso país, máis que aínda teñen algunha presenza nalgunhas vilas, nalgúns lugares. Non nos parece de recibo, desde logo, ao Grupo de goberno que no século XXI, unha institución, unha administración pública apoie e que se mostre colaboradora con estes espectáculos e por iso o que facemos é, facéndonos eco dunha petición da sociedade animalista Libera, e tamén sabedores e coñecedores do importante movemento civil en contra deste espectáculo, acordar esa declaración da Deputación da Coruña como institución contraria ao maltrato animal e non colaboradora co uso de fondos coa promoción de ningunha actividade relacionada co maltrato, ao mesmo tempo que se insta á Xunta a desenvolver aquelas iniciativas legislativas necesarias para abolir as touradas no territorio galego e prohibir actividades que vexen ou maltraten animais.

Sr. Dios Diz

Nós imos votar favorablemente a proposta, coincidimos coas demandas dos asinantes, do Grupo de goberno e imos votar a favor.

Sr. Díaz Grandío

O Grupo Provincial da Marea Atlántica entende esta simple medida que de fondos públicos cero para espectáculos que defendan o maltrato animal, como así fixo o goberno municipal da Marea Atlántica no Concello da Coruña, polo cal congratulámonos desta moción presentada polo goberno da Deputación da Coruña e manifestamos o noso voto totalmente favorable.

Sr. Calvo Pouso

Eu a verdade é que quero deixar claro que o Grupo Popular é contrario ao maltrato animal, a calquera tipo de maltrato animal, de feito os cambios no Código Penal máis recentes neste sentido foron aprobados polo partido maioritario nas Cortes do Estado, en consecuencia polo Partido Popular, e creo que aí non hai

ningunha dúbida ou, polo menos, non quero deixar ningunha dúbida, pero si que me sorprende que esta moción a presente o Bloque e o Partido Socialista porque o Bloque e o Partido Socialista, dicía a portavoz do goberno que sorprende que en pleno século XXI se sigan permitindo este tipo de accións, no goberno de María Pita ata hai cinco anos atrás, e catro máis cara atrás, é dicir, na última lexislatura onde gobernou o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego en coalición, foi o goberno municipal que máis cartos dedicaba en convenios para a celebración das touradas na Coruña, 800.000 euros en catro anos, iso era o goberno socialista que hoxe trae esta moción, o Partido Socialista, perdón, e o Bloque Nacionalista Galego. Polo tanto, ese cambio de actitude no Partido Socialista na provincia da Coruña é rechamante, lóxicamente é lexítimo, e o cambio de actitude e opinión do Bloque Nacionalista Galego na provincia da Coruña tamén é rechamante, é lexítimo tamén, pero tamén é rechamante, chámamos a atención que agora, catro anos máis tarde, en pleno século XXI, igual que hai catro anos, adopten ese cambio de actitude.

Como digo, é lexítimo, e non hai nada que engadir nese sentido, pero é o que nós non compartimos é ese afán prohibicionista que moitas veces se manifesta en diferentes mocións, e hai unha diferenza fundamental. A min, particularmente, fun unha vez a unha corrida de touros, non me gustou e non penso volver, non penso volver, pero a diferenza da xente que pensa coma min é que, lóxicamente, se non nos gusta, non volvemos, e dános igual, e hai outras persoas que aquilo que non lles gusta só pensan en prohibilo. Nós non estamos de acordo, non estamos de acordo e, polo tanto, nesta moción, non imos acompañar ao Grupo Socialista e ao Grupo do Bloque, que son os propoñentes. Nada máis e moitas grazas.

Sra. Sanmartín Rei

Respecto da cuestión da moción, eu creo que se noutros momentos houbo apoio para este tipo de espectáculos, o certo é que de persoas sabias é rectificar e caso de ser así eu celebro, non estamos tratando aquí cuestións individuais, particulares, locais, dun concello, dun lugar concreto, dunha persoa, senón o que considera aquí o conxunto desta Corporación, desde logo nestes momentos tanto o Bloque Nacionalista Galego, como o Partido Socialista, este goberno no seu conxunto ten unha posición clara a este respecto, de declararse institución contraria ao maltrato e non promover, non utilizar fondos para este tipo de actividades, e parécenos que tamén é lóxico que isto leve aparelado unha petición de que isto se tome dunha vez en serio e que se faga no conxunto do territorio galego. Polo tanto, pedimos, volvemos a pedir o apoio para esta moción.

Vótase a moción.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (7 do PSOE, 5 do BNG, 3 de Marea Atlántica, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: 13 deputados (PP)

Abstéñense: ningún deputado

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños e o voto en contra do PP, aproba a seguinte moción:

“MOCIÓN DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

O pobo galego amosou en diferentes ocasións o seu rexeitamento amplo á pervivencia da celebración de touradas, un espectáculo de tortura animal que carece de tradición entre nós, mais que ten unha certa presenza nalgunhas vilas do noso país. As enquisas e os estudos de opinión elaborados ao respecto na nosa terra reflicten a amplísima oposición social ao entramado taurino, que continúa a percibir inxentes subsidios desde diferentes administracións.

De xeito amplamente maioritario, a sociedade actual xulga que a barbarie conformada como espectáculo público onde se tortura e mutila un bóvido non é unha actividade aceptable nin moralmente defendible. Neste sentido, as protestas e o propio movemento abolicionista multiplicaron as súas forzas e as súas demandas e foron máis dunha ducia os municipios galegos, moitos máis que os que amparan touradas, os que se declararon simbolicamente como vilas libres de touradas.

A Deputación de Coruña non pode ser allea a unha postura maioritaria e emanada directamente da cidadanía e debe tomar as medidas necesarias para impedir que os cartos públicos, o diñeiros de todas e de todos, non remate apoiando o maltrato animal.

Por isto, os grupos que conforman a Corporación provincial da Coruña

ACORDAN:

- 1.- Declarar a Deputación da Coruña como institución contraria ao maltrato animal, non colaborando, por tanto, co uso de fondos provinciais para promover touradas ou actividades relacionadas co maltrato animal.
- 2.- Instar á Xunta de Galicia a desenvolver as iniciativas legislativas necesarias para abolir as touradas no territorio galego e prohibir aquelas actividades que vexen e maltraten animais.
- 3.- Comunicar este acordo ás deputacións de Pontevedra, Lugo e Ourense, á Plataforma Galicia, Mellor Sen Touradas e á Xunta.”

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Calvo Pouso

Na lexislatura pasada, neste plenario, alá no ano 2013, máis concretamente en maio de 2013, os deputados por aquel entón que estaban na oposición, do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego, acusaban ao Goberno, naquel momento

do Partido Popular, que eu tiven a honra de presidir, de politizar o funcionamento da Deputación, polo feito de colocar a persoal, dicían textualmente, e leo a acta, da súa confianza, amigos cun perfil político ao fronte de determinadas áreas. Como lle contestábamnos naquel momento, era unha falta de respecto, porque o que estaban sendo cubertas esas áreas eran por persoal funcionario de carreira, que pasou unha oposición, e que loxicamente non eran amigos de nada. Deixando ese tema á parte, que xa o tempo pasou, hai un novo Goberno, unha nova organización, pregúntome se o feito de poñer en fronte a funcionarios que pasaron a súa oposición das distintas áreas, e substituílos por deputados desta Corporación, se iso é politizar máis ou menos as áreas, se iso responde a unha obxectividade maior ou, pola contra, se quere politizar definitivamente para que non haxa lugar a dúbidas, como parece que é o que ocorreu. Esta é a primeira pregunta deste tema.

E enlazando con isto, hoxe no punto cuarto ou quinto da orde do día, non me acordo, dábase conta dos cesamentos dos directores de área, e nós na Comisión correspondente de persoal da semana pasada, xa dixemos que queriamos deixar constancia, e tamén o facemos hoxe aquí neste Pleno, como dixemos o outro día que, loxicamente, o Goberno pode decidir o cesamento deses directores de área, faltaría máis, está dentro das súas capacidades, e iso hai que respectalo, o que desde logo non nos parece de recibo é a forma na que se cesaron a funcionarios, que se deron de baixa e se pasaron ao paro ao día seguinte, iso desde logo non é de recibo, nunca na historia da Deputación, e mira que é vella, pasou unha cousa parecida, polo tanto a min gustárame deixar ese malestar por parte do Grupo da oposición e que aparecera tamén recollido na acta, e se o Goberno ten nalgún momento algo que dicir, gustárame escoitalo. Estas son deste tema, e se quere despois facemos as outras.

Sr. Leira Piñeiro

Bo día a todos e a todas. Con respecto a este punto, desde logo o equipo de Goberno ten claras sobre todo as formas en que se fixeron. Quero recordarlles que en todos os casos e a todas as persoas que se deron neste tema, comunicóuselles, á parte de por escrito, por suposto, faltaría máis, previamente na miña persoa, persoalmente, unha por unha, ben sexa en presenza ou ben sexa por teléfono, e digo por teléfono porque non estaban en presenza aquí na Deputación, posto que se atopaban de vacacións, pero repito, unha a unha, e ademais con moita rigorosidade, cal foi o motivo e cales eran os pasos que iamos seguir. É dicir, que nos días seguintes, nos días que ían seguir a esa comunicación, ían recibir a notificación deste cesamento, nos tempos e nas formas, con datas claras e concretas, así se lle dixo un a un destas persoas. A posteriori, recibiron a notificación. Dentro da interpretación desta notificación, pode ser moi interpretable, o que si está claro é o que di a lei, e o que din, non un equipo de Goberno, senón o que di a lei, e que estas persoas tiñan tempo suficiente para pedir a súa reincorporación na administración de orixe, que tiñan, si é certo que un mes para reincorporarse nesa administración de orixe e que podía facelo efectivo a partir do día seguinte ao cesamento na administración de destino, que non é outra que esta Deputación da Coruña. Polo tanto, o que é pedir, non pedir, o voltar a súa administración de orixe, depende única e exclusivamente dos señores e señoras persoas que ocupaban estas áreas nese momento. Polo tanto, as formas e o fondo foi escrupulosamente feito en forma.

Dicir que a anterior Corporación creou as direccións de áreas e novas xefaturas de servizo, determinou como forma de provisión dos ditos postos de libre designación e abrir a cobertura destes postos a persoal doutras administracións públicas, iso é o feito que fixo a anterior Corporación. Pois ben, esta nova Corporación o que fai é na relación de postos de traballo, e ademais así vaise comprometer para o ano 2016, levará a supresión das direccións de área ao considerar que é un gasto innecesario. Polo tanto o primeiro que se fixo foi comunicar o cesamento a estas persoas nas direccións de área e nalgunha xefatura de servizo, e a posteriori o que vai facer esta Corporación é retirar da RPT na próxima negociación para o ano, repito, 2016, as direccións de área ao considerar que é un gasto innecesario. Polo tanto, a modificación da forma de provisión tamén das xefaturas de servizo, cambiando a libre designación polo sistema de concurso de méritos, que non é outra cousa que algo que nos pide o persoal desta casa. Por suposto, tamén suprimir a apertura dos postos de traballo a persoal doutras administracións, son compromisos claros e serios que esta Corporación vai facer xa.

Polo tanto, nós o que buscamos é un obxectivo de conseguir que as xefaturas de servizo non se cubran de maneira discrecional, senón mediante un sistema obxectivo que valore os méritos e as capacidades, coñecementos e aptitudes determinados en cada convocatoria e relacionado co posto de traballo a prover, e que se realicen por suposto polos propios traballadores desta casa, é dicir, da Deputación Provincial da Coruña, garantindo desta maneira os principios de profesionalidade e imparcialidade de todos os funcionarios, e por suposto, volver á situación existente antes do Goberno anterior, deixando a dirección dos servizos en mans dos funcionarios da Deputación, ao considerar que existen técnicos cualificados, profesionais e independentes, que poidan desenvolver estes cometidos, e non traer xente doutras administracións, como sucedeu na anterior lexislatura.

Polo tanto, remato e digo que as formas en comunicarlle a resolución que fixemos desde este equipo de goberno foi escrupulosa e moi correcta, a interpretación que se queira facer é outra cuestión. Moitas grazas.

Sr. Calvo Pouso

Eu non sei se fun suficientemente explícito ou me expliquei mal, eu non dubido na lexitimidade para eliminar as áreas, a mesma coa que se crearon, exactamente a mesma, o que eu poñía en cuestión era a forma na que se fixeron os cesamentos, e vostede sabe que non foi a máis adecuada. Non foi máis adecuada porque a ningún dos cesados se lle formulou ou se lle pasou pola cabeza non pedir a incorporación inmediata na administración de orixe, iso desde logo é o normal, o que faría calquera, o que estamos cuestionando é que os deran de baixa desde o día 1 cando, como vostede dixo, tiñan un mes, pero ben, iso dá igual, eu quero expresar o malestar deste Grupo provincial, como dixemos na Comisión correspondente de Persoal e o manifestamos hoxe.

E aproveitando que xa vai enlazada coa segunda pregunta que tiña, e que vostede xa adiantou, dixo que se comprometían, acaba de dicir o Goberno, a eliminar o posto de provisión que se utiliza para cubrir as prazas, se non creo recordar mal, di que se van cerrar a cobertura destas prazas a persoal única e exclusivamente da administración, eu creo que é un erro, pero tanto para esta administración como para

calquera. Creo sinceramente na mobilidade, creo que é moi bo para calquera administración, para os concellos, para as Deputacións, para a Xunta ou para o Estado, que os funcionarios poidan cambiar de administración creo que é algo positivo para todos, pero ben, é unha decisión que vostedes saberán.

O que si me gustaría saber, xa que facía referencia ás peticións dos representantes sindicais, sei que os representantes sindicais tamén pediron a este novo Goberno que se mantivera a limitación dos 65 anos ou a xubilación forzosa, por entendernos, aos 65 anos. Foi unha petición expresa dos sindicatos que se respectaran os acordos que tiñan chegado coa anterior Corporación, co anterior Goberno, e quería saber se vostedes pensan respectar tamén ese compromiso, ou pola contra van facer excepcións, como se ten oído polos rumorosos desta casa.

Sr. Leira Piñeiro

Para a súa tranquilidade, dicirlle que somos un Goberno serio, un Goberno que consensuamos e falamos entre nós, e por suposto que nós respectamos os acordos plenarios e todo o que aquí se decida. Polo tanto, o que din os rumorosos, rumores son, e as decisións que teñamos que tomar, tomarémolas, pausadas, comedidas e falando entre nós.

Sr. Calvo Pouso

Entón entendo que van respectar todos os acordos plenarios adoptados na anterior lexislatura, tamén, porque se é así voume máis tranquilo para casa, pódollo asegurar. Entón quero entender polo que dixo que cando haxa que falar, falarán, quere dicir que vostedes están dicindo hoxe aquí que non pensan respectar ese acordo adoptado polo anterior Goberno cos representantes sindicais, e que explicitamente lles pediron os sindicatos nunha reunión hai escasas semanas que o mantivesen, nada máis.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as trece horas e corenta e cinco minutos, redáctase a acta e autorízase a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.